



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de febreiro de 2021 (967/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día once de febreiro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(79).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(80).-PROPOSTA DE DESIGNACIÓN REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 913/1102.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/02/21, asinada pola secretaria de Goberno Local, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o alcalde, que di o seguinte:

Con data 22/10/2020, recibíuse escrito da Presidencia do dito Consello Social solicitando a comunicación da identidade dunha nova persoa en representación do Concello por concluír no presente ano 2020 o seu segundo mandato, D. Xulio Calviño Rodríguez:

“Consonte a comunicación que se nos remite dende a Consellería de Cultura, Educación e Universidade Secretaría Xeral de Universidades, e da que lle achego copia, agradeceríalle que, a fin de efectuar a correspondente tramitación, nos comuniquen a identidade da súa representación neste Consello Social para o período comprendido entre 2021 e 2024”.

(...)

“Para unha maior operatividade e dilixencia, agradeceríalle que acompañe breve currículo da persoa elixida e declaración de non estar incurso en incompatibilidade para o cargo.”

Examinada a estrutura organizativa do Concello, esta Alcaldía ve conveniente a designación de **D^a Mercedes Castro Mouzo, DNI 33171776A**, como representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE VIGO; polo que, ao abeiro do sinalado no art. 127 m., da Lei, 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, e demais normativa de aplicación, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Designar a **D^a Mercedes Castro Mouzo, DNI 33171776A**, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO para o período comprendido entre 2021 e 2024.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo á interesada, ao Consello Social da Universidade de Vigo e demais persoas que poidan resultar implicadas con motivo da aprobación deste acordo.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal e Portal de Transparencia para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 09 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se realice.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(81).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 13383/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/21, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 11601/111

Sentenza nº 667 do 4 de decembro de 2020



Concello de Vigo

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Ordinario: 4049/2020

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: resolución do Consorcio Galego dos servizos de igualdade e benestar que aproba a liquidación do 2º semestre 2017 dos centros de día de Teis-Atalaia, Coia e Valadares

Expte(s): 147883-301

Contía: 171.250,00 €

Esta sentenza desestima a demanda municipal, sen custas polas "dúvidas de dereito que a cuestión controvertida ofrece"

Cabe a interposición do recurso de casación que prepararemos para contribuír a esclarecer o réxime competencial en materia de servizos sociais logo da promulgación da L.27/2013. O departamento de Servizos Sociais debe coñecer o resolto.

2.- Social. Expediente nº 12602/111

Decreto nº 259 do 2 de decembro de 2020

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Modificación substancial das condicións laborais: 360/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: modificación substancial das condicións de traballo.

Acepta a desistencia do demandante.

Os departamentos de Persoal e Deportes deben coñecer o resolto.

Advertimos expresamente que debe evitarse coidadosamente o emprego de termos como quendas ou "turnos" (cando se trata de horarios ou xornadas de mañá/tarde) ou "centros de traballo" (cando só hai un e se trata das diversas instalacións deportivas do Concello). Igualmente deben respectarse os topónimos oficiais e legais evitando exónimos como "Corujo", "Traviesas", "Coya".

3.- Contencioso. Expediente nº 12697/111

Sentenza nº 496 do 11 de decembro de 2020

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución do TEA do 12/04/2019 desestimatoria da reclamación económico-administrativa formulada fronte ao acordo desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ás dilixencias de embargo por débedas tributarias (EUI 2017, multa de tráfico, IAE 2016 e 2017).

Expte(s): 4766/550

Contía: 31.601,17 €

Esta sentenza resolve o recurso de apelación da demandante con estimación parcial en canto a anulación da dilixencia de embargo impugnada (e con desestimación das pretensións de anulación das actuacións das que deriva o embargo).

O Tribunal Económico Administrativo de Vigo, a Tesourería-Recadación Municipal, a Dirección de Ingresos e o Departamento de Seguridade deben executar o resolto (anulación do embargo e devolución do embargado)

RCA orixe P.O. 210/2019 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, sentenza nº 11 do 23/01/2010, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 13/02/2020

4.- Contencioso. Expediente nº 12866/111
Sentenza nº 219 do 27 de novembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 131/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución que impón sanción de 200 euros e a retirada de 3 puntos do carnet de conducir
Expte(s): 276602-280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben coñecer o resultado.
No FD 3º, par 11º contense unha "recomendación" (reiterada) sobre a obriga xeral de notificación de denuncias no acto.

5.- Contencioso. Expediente nº 12883/111
Sentenza nº 305 do 11 de decembro de 2020
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7141/2020
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: acordo da XGL do 27/03/2018 concesión para a construción e posterior explotación do aparcadoiros soterrados da Avda de Castelao e rúa Jenaro de la Fuente
Expte(s): 636-449
Contía: 30.000,00 €

Resolve o recurso de apelación do Concello contra a sentenza de instancia (límitase a remitirse á sentenza de instancia e á sentenza nº 256 do 13/11/2020 ditada na anterior apelación 7127/2020, sen argumentación específica ningunha) desestimándoa, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Contratación debe coñecer o resultado.

RCA orixe PO 213/2018 Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, sentenza nº 99 do 30/04/2020, estimatoria, comunicada na sesión da XGI do 02/07/2020

6.- Social. Expediente nº 13037/111
Sentenza nº 32 do 8 de xaneiro de 2021
Xulgado do Social nº 1 de Vigo
Ordinario: 315/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: recoñecemento de dereito e reclamación de cantidades.

Esta sentenza estima a demanda e condena ao Concello ao pagamento de 3.450,18 euros, con xuros por mora de 10% anual.
Solicítase informe urxente de Persoal sobre a procedencia e as bases de recorrer en suplicación. Este servizo considera escasamente viable o recurso porque o Concello non discutiu



Concello de Vigo

os feitos... o que ocorre é que lles aplicou as "Instrucións de Plantilla" (BOP 16/11/2010 Terceira B.) e o xulgador entende aplicable o art. 39.3. do E.T., norma de superior rango e posterior (RDL 2/2015).

Cabería regular e resolver a cuestión pero iso require negociación e regulación e no caso non houbo resolución expresa da reclamación previa. En caso de non recorrermos en suplicación debe executarse o resolto en tempo e forma.

O departamento de Persoal (e o de Deportes) deben coñecer e executar o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13157/111
Sentenza nº 224 do 10 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 261/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 17/07/2020 que desestima reclamación de RPA
Expte(s): 5845-243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 13196/111
Sentenza nº 243 do 9 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 240/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución en expediente sancionador.
Expte(s): 2020/26795

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, considera que a infracción tivo que ser cualificada como leve (non constan especificadas as circunstancias do art. 91.2.L da RXC para tela por grave), cunha sanción de 50 euros (25 euros en pagamento anticipado) polo que debe procederse á devolución de 75 euros como pagamento indebido.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto en tempo e forma.

9.- Contencioso. Expediente nº 13200/111
Sentenza nº 242 do 9 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 249/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución ditada en expediente sancionador que desestima recurso reposición interposto contra resolución que impón sanción de 200 euros.
Expte(s): 2019/28778 - 274790/280

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto, con custas taxadas de oficio.
Unha vez mais non se notificou a denuncia no acto (e puido facerse) por escrito e conforme a dereito.

O departamento de Seguridade e a Tesourería Recadación Municipal deben proceder á devolución do aboado (o 24/02/2020) como ingreso indebido, en tempo e forma

10.- Contencioso. Expediente nº 13202/111
Auto nº 87 do 3 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 275/2020
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: resolución ditada pola Concelleira-Delegada de Mobilidade sobre revogación de licenza de vao nº 2056-2047.
Expte(s): 111877/210

Declara a desistencia (art. 78.5. LX) da demandante con custas taxadas.
O departamento de Seguridade debe coñecer o resolto

11.- Contencioso. Expediente nº 13207/111
Auto do 27 de novembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 277/2020
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución en expediente sancionador de tráfico.
Expte(s): 2019/64058

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (revogación do acto recurrido o 19/11/2020)
O Departamento de Seguridade debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13219/111
Sentenza nº 226 do 10 de decembro de 2020
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 285/2020
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución ditada o 21/07/2020 que desestima recurso de reposición fronte a resolución que declara a responsabilidade por danos causados nunha propiedade
Expte(s): 6019/243

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, no relativo á pretensión subsidiaria da responsabilidade concorrente da concesionaria e o Concello, que deben aboar cada un 1.496,25 euros.
O departamento de Patrimonio-RPA, e o de Augas, deben executar o resolto (en relación coa eventual devolución parcial do aboado pola concesionaria).
Ademais debe inventariarse, e recuperarse, a traza da conducción xeral de abastecemento de auga O castro-Valadares e adaptarse ás medidas de protección da legalidade urbanística en relación coas ocupacións por obras de terceiros.

13.- Contencioso. Expediente nº 13223/111
Sentenza nº 241 do 22 de decembro de 2020



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 297/2020

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: desestimación por silencio da reclamación patrimonial presentada polos danos ocasionados nun vehículo na Baixada ao Castaño.

Expte(s): 6159/243

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por extemporaneidade (anticipación á expiración do prazo de resolución en vía administrativa), con custas taxadas de oficio. O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 13231/111

Sentenza nº 240 do 23 de decembro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 299/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación presunta, da reclamación económico administrativa, ipor inadmisión do recurso de reposición contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 281579-280, 281580-280, 281581-280, 281589-280 e 47479-700

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso (ao terse ampliado contra a resolución expresa do TE-A do Concello de Vigo, por non ser firme a nova resolución do Tesoureiro Municipal) pero entra no fondo do recurso en todos os seus contidos (e conclúe que "sería desestimado") con custas taxadas de oficio.

O TEA, a Tesourería-Recadación municipal e o departamento de Seguridade deben coñecer o resolto

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocanta á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións

xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(82).-DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE PARA A LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE ESTACIONAMENTOS REGULADOS MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 6478/241.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRJ).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PPT).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código civil (CC).

ANTECEDENTES

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas que rexerá no concurso para a adxudicación por procedemento aberto dun contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo (PPT).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de decembro de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso aberto para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER" (expediente 72171-210), os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 23 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a DORNIER, S.A. O contrato formalizouse en data 14 de xuño e comezou a súa execución en data 4 de setembro do mesmo ano.

Terceiro.- A adxudicación foi impugnada polas mercantís ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. (EYSSA) e SETEX-APARKI, S.A., primeiro en vía administrativa, sendo desestimados os recursos de reposición, e logo na vía xurisdiccional. Os recursos contencioso-administrativos foron acumulados e resoltos pola Sentenza nº 328/09 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de 14 de decembro, que os desestimou. Esta sentenza foi apelada por EYSSA ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación nº 004129/10). Este recurso foi resolto pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 285 de 17 de marzo de 2011, que foi obxecto de Auto de aclaración de 23 de febreiro de 2012.

Esta sentenza estima o recurso de apelación de EYSSA, revoga a sentenza da instancia, anula o acto recorrido e no fundamento xurídico 6º resolve a retroacción do procedemento (polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos 4º e 5º: a oferta era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que DORNIER ofertaba como mellora a renovación anticipada).

O fundamento xurídico 7º desta sentenza faculta ó Concello para optar pola substitución da retroacción pola convocatoria dunha nova licitación se esta segunda opción fose de interese público polo tempo transcorrido entre a presentación das ofertas e a sentenza que podería supor que o contido técnico das mesmas resultase obsoleto.

Cuarto.- O Concello, das opcións previstas na citada sentenza para a súa execución, optou pola incoación dun novo expediente de contratación. Así, a XGL, en data 6 de maio de 2016, aprobou o expediente 90514-210, se ben, tras a estimación parcial dun recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares modificouno en data 28 de outubro de 2016.

O procedemento foi adxudicado a DORNIER, S.A., por acordo da XGL de 21 de decembro de 2017. A execución do novo contrato comezou o 1 de xuño de 2018.

Quinto.- En data 27 de maio do 2016, a providencia do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, declara executada a sentenza tras a aprobación pola XGL do expediente de contratación e a apertura da licitación.

Sexto.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo en tanto non se adxudicaba o novo contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 366/2018, que rematou coa Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 278 do 12 de novembro de 2019, que desestima o recurso. A sentenza non foi recorrida e declarouse firme por dilixencia de ordenación de data 11 de decembro do 2019.



Concello de Vigo

Sétimo.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento da obriga de liquidación do contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 365/2018. O procedemento rematou con Sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020. Esta estima a demanda, declara contraria ao ordenamento xurídico a inactividade administrativa e anúlala. Condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato". Se ben desestima (FD 4º in fine) o pedimento de xuros por mora. A sentenza non foi recorrida e foi declarada firme mediante dilixencia de ordenación de 26 de febreiro do 2020.

Oitavo.- En data 30 de xullo de 2020, a XGL, acordou:

"1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R) en execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020.

2º.- Dar trámite de audiencia a DORNIER, S.A., por prazo de quince días naturais, sobre a seguinte proposta de liquidación:

a) Con respecto á restitución dos bens e dereitos, tal e como se determina no fundamento xurídico cuarto:

- *Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A.*
- *Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.*
- *Dos estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato restarían por amortizar 163.664,69 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.*
- *Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.*
- *Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.*

b) Non procede indemnización de danos e prexuízos a favor de ningunha das partes, polos motivos expostos no fundamento xurídico quinto deste escrito.

c) Devolver a DORNIER, S.A., a garantía definitiva constituída para responder deste contrato, cancelando o aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, canxeado na Tesourería municipal co nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros.

3º.- Iniciar expediente de modificación presupostaria para facer fronte á execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020 no momento no que o crédito sexa executivo".

Este acordo foi notificado electronicamente ao interesado o día 10 de agosto de 2020.

Noveno.- En data 19 de agosto de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta unhas alegacións provisionais e solicita á vista do expediente.

Décimo.- En data 3 de setembro de 2020, o xefe de área de Seguridade informa sobre as alegacións presentadas.

Undécimo.- En data 10 de setembro de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta escrito de alegacións complementarias.

Duodécimo.- En data 20 de outubro de 2020, o xefe de área de Seguridade emite novo informe sobre as alegacións complementarias.

Décimo terceiro.- En data 24 de novembro de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta escrito solicitando que se rectifique a contía resultante da liquidación, de acordo co informe pericial que axunta ó mesmo.

Décimo cuarto.- En data 11 de xaneiro de 2021, o xefe da área de Seguridade informa sobre a nova proposta de liquidación presentada por DORNIER.

Décimo quinto.- En data 27 de xaneiro de 2021, o economista municipal emite informe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza da declaración de caducidade do expediente de resolución dun contrato e lexislación aplicable

A declaración de caducidade é unha forma de terminación anormal dos procedementos administrativos. Orixínase pola concorrencia de dous circunstancias:

- O transcurso do tempo.
- A inactividade do administrado ou da administración.

O procedemento obxecto deste informe é a liquidación da concesión de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER". Incoouse por acordo da XGL de 30 de xullo de 2020.



Concello de Vigo

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

O da TRLCAP non regula o procedemento de liquidación dos contratos e, polo tanto, non fixa o prazo do mesmo. En consecuencia, ó non ter previsto o prazo de liquidación a lexislación sectorial, é de aplicación o prazo supletorio fixado pola lexislación de procedemento administrativo. Dispón ó respecto o artigo 21.3 LPAC que “Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de tres meses”. E a continuación fixa as regras para o cómputo do mesmo. Nos procedementos iniciados de oficio, como o presente, o prazo se contará desde a data do acordo de iniciación.

Tendo en conta que o acordo de incoación do expediente aprobouse o día 30 de xullo de 2020, e que non tivo lugar a suspensión do prazo de resolución por non ter concurrido ningún dos supostos previstos no artigo 22 LPAC, o acordo de resolución debería terse producido antes do 30 de outubro do mesmo ano, circunstancia que non ten acontecido por causas imputables a esta administración.

-II-

Dos efectos da caducidade

A falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio está regulada no artigo 25.1 da LPAC. Segundo esta norma ó vencemento do prazo máximo sen que se tiña ditado e notificado resolución expresa non exime á Administración da obriga de resolver. E establece como efecto da falta de resolución nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, que producírase a caducidade.

A caducidade é unha causa de terminación dos procedementos, pero non xera automaticamente dicha terminación polo transcurso do tempo establecido para resolver os mesmos, senón que require dunha resolución expresa que a declare. Así o recoñecen, tanto a doutrina dos órganos consultivos, como a xurisprudencia. Nesta liña, declara a Sentenza da Sala 3ª do Tribunal Supremo de 3 de decembro de 2020 que *“ la caducidad comporta una causa de terminación de los procedimientos, pero no genera, por sí misma, dicha terminación, porque requiere una resolución expresa que la declare, pudiendo incluso la Administración, pese a concurrir el presupuesto de hecho, que es objetivo, rechazarla en supuestos excepcionales (artículo 95.4º). Y ello es consecuente con los efectos de la caducidad, que no es sino una forma de terminación del procedimiento, de una terminación*

anormal, podríamos decir, como con otra terminología y salvando las diferencias, se establece para el proceso contencioso en su Ley reguladora (...) «en tanto no se haya dictado la resolución expresa declarando la terminación del procedimiento por caducidad, el procedimiento en que se ejerciten potestades de gravamen, ha de considerarse vigente, por más que hubiese transcurrido el plazo de caducidad, porque no es el mero transcurso del plazo el que genera la terminación del procedimiento —será su presupuesto—, sino la resolución que así lo ordena».

A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións (artigo 95.1 LPAC).

Os efectos da caducidade son os seguintes (artigo 95.3 LPAC):

- O arquivo das actuacións.
- A declaración de caducidade e a extinción do procedemento non producirán por si sós a prescrición de accións, aínda que os procedementos caducados non interrompan o prazo de prescrición.
- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade. En calquera caso serán trámites ineludibles do novo procedemento:
 - As alegacións.
 - A proposición de proba.
 - A audiencia ao interesado.

Como excepción, a lei permite non aplicar a caducidade cando a cuestión suscitada afecte ó interese xeral, o ben fora convinte substanciala para a súa definición e esclarecemento (artigo 95.4 LPAC). No entanto, o lóxico é entender que esta posibilidade refírese exclusivamente, ós procedementos iniciados a solicitude do interesado, o contrario implicaría deixar en mans da Administración que non ditou a resolución en prazo, declarar ou non a caducidade.

No caso que nos ocupa, a xuízo da informante, non concorren as premisas esixidas no artigo 95.4 LPAC, e consecuentemente procede a declaración de caducidade. Máis é necesario incoar un novo procedemento de liquidación do contrato, polo que deberán conservarse as actuacións practicadas no expediente caducado cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

-III-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

“1º.- Declarar a caducidade do expediente incoado por este órgano de contratación, mediante acordo de 30 de xullo de 2020, para declarar a liquidación da concesión de servizo público de de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), polo transcurso do prazo de resolución.

2º.- Proceder a o arquivo do expediente, de conformidade co establecido no artigo 95 da LPAC.

3º.- Se fora posible a iniciación dun novo procedemento por non terse producido a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido sería igual se non se producise a caducidade.

4º.-Notificar este acordo ó interesado, con indicación expresa dos recursos procedentes”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(83).-INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE ESTACIONAMENTOS REGULADOS MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA (XER). EXPTE. 6595/241.

Dáse conta do informe-proposta do 08/02/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACION

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares que rexe a concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R), de data 26 de decembro de 2006 (PPT).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 26 de decembro de 2006, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente de contratación do concurso aberto para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER" (expediente 72171-210), os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen ó mesmo e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Segundo.- En data 23 de maio de 2007, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a DORNIER, S.A. O contrato formalizouse en data 14 de xuño e comezou a súa execución en data 4 de setembro do mesmo ano.

Para responder da execución do contrato DORNIER S.A, constituíu en data 7 de xuño de 2007 a garantía definitiva para responder deste contrato mediante aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, la Caixa, nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros. Rexistrado no Rexistro especial de avales co nº de aval 9340.03.0830819-74.

Terceiro.- En data 14 de abril de 2008, a XGL adoptou un acordo de modificación das melloras ofertadas polo adxudicatario.

Cuarto.- A adxudicación foi impugnada polas mercantís ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A. (EYSSA) e SETEX-APARKI, S.A., primeiro en vía administrativa, sendo desestimados os recursos de reposición, e logo na vía xurisdiccional. Os recursos contencioso-administrativos foron acumulados e resoltos pola Sentenza nº 328/09 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, de 14 de decembro, que os desestimou. Esta sentenza foi apelada por EYSSA ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación nº 004129/10). Este recurso foi resolto pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-administrativo Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 285 de 17 de marzo de 2011, que foi obxecto de Auto de aclaración de 23 de febreiro de 2012.

Esta sentenza estima o recurso de apelación de EYSSA, revoga a sentenza da instancia, anula o acto recorrido e no fundamento xurídico 6º resolve a retroacción do procedemento (polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos 4º e 5º: a oferta era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que DORNIER ofertaba como mellora a renovación anticipada).

O fundamento xurídico 7º desta sentenza faculta ó Concello para optar pola substitución da retroacción pola convocatoria dunha nova licitación se esta segunda opción fose de interese público polo tempo transcorrido entre a presentación das ofertas e a sentenza que podería supor que o contido técnico das mesmas resultase obsoleto.



Concello de Vigo

Quinto.- En orde a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 17 de marzo de 2011, incoáronse sendos expedientes:

- 4055-241 relativo á execución da sentenza.
- 4056-241 relativo á liquidación do contrato de xestión do servizo público de estacionamento mediante expendedores de tickets na vía pública.

Durante a tramitación deste último expediente realizáronse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Evacuouse un trámite de audiencia a DORNIER, S.A., que presentou unha proposta de liquidación do contrato no Rexistro Xeral deste Concello en data 14 de abril de 2012.
- Emitiuse informe de inspección técnica da proposta de DORNIER polo enxeñeiro técnico municipal e o inspector, en data 14 de xuño de 2012.
- Informe do xefe da área da área de Mobilidade, Seguridade e Transporte, de 30 de xuño de 2012.
- Informe do xefe da área de Investimentos, de 28 de setembro de 2012.
- Actualización da proposta de liquidación emitida o 14 de abril de 2012, presentada por DORNIER o 25 de marzo de 2014.

Sexto.- O Concello, das opcións previstas na citada sentenza para a súa execución, optou pola incoación dun novo expediente de contratación. Así, a XGL, en data 6 de maio de 2016, aprobou o expediente 90514-210, se ben, tras a estimación parcial dun recurso especial en materia de contratación contra o prego de cláusulas administrativas particulares modificouno en data 28 de outubro de 2016.

O procedemento foi adxudicado a DORNIER, S.A., por acordo da XGL de 21 de decembro de 2017. A execución do novo contrato comezou o 1 de xuño de 2018.

Sétimo.- En data 27 de maio do 2016, a providencia do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, declara executada a sentenza tras a aprobación pola XGL do expediente de contratación e a apertura da licitación.

Oitavo.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo en tanto non se adxudicaba o novo contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 366/2018, que rematou coa Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 278 do 12 de novembro de 2019, que desestima o recurso. A sentenza non foi recorrida e declarouse firme por dilixencia de ordenación de data 11 de decembro do 2019.

Noveno.- DORNIER interpuxo recurso contencioso-administrativo con relación a inactividade do Concello de Vigo referida ó incumprimento da obriga de liquidación do contrato. Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 365/2018. O procedemento rematou con Sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020. Esta estima a demanda, declara contraria ao ordenamento xurídico a inactividade administrativa e anúlala. Condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato". Se ben desestima (FD 4º in fine) o pedimento de xuros por mora. A sentenza non foi recorrida e foi declarada firme mediante dilixencia de ordenación de 26 de febreiro do 2020.

Décimo.- En data 15 de xullo de 2020, o xefe de área de Seguridade informa sobre a liquidación.

Undécimo.- En data 30 de xullo de 2020, a XGL, acordou:

"1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R) en execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020.

2º.- Dar trámite de audiencia a DORNIER, S.A., por prazo de quince días naturais, sobre a seguinte proposta de liquidación:

a) Con respecto á restitución dos bens e dereitos, tal e como se determina no fundamento xurídico cuarto:

- Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A.*
- Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.*
- Dos estudos e traballos técnicos desenvolto na execución do contrato restarían por amortizar 163.664,69 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.*
- Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.*
- Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.*

b) Non procede indemnización de danos e prexuízos a favor de ningunha das partes, polos motivos expostos no fundamento xurídico quinto deste escrito.

c) Devolver a DORNIER, S.A., a garantía definitiva constituída para responder deste contrato, cancelando o aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, canxeado na Tesourería municipal co nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros.

3º.- Iniciar expediente de modificación presupostaria para facer fronte á execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020 no momento no que o crédito sexa executivo".



Concello de Vigo

Este acordo foi notificado electronicamente ao interesado o día 10 de agosto de 2020.

Duodécimo.- En data 19 de agosto de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta unhas alegacións provisionais e solicita á vista do expediente.

Décimo terceiro.- En data 3 de setembro de 2020, o xefe de área de Seguridade informa sobre as alegacións presentadas.

Décimo cuarto.- En data 10 de setembro de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta escrito de alegacións complementarias.

Décimo quinto.- En data 20 de outubro de 2020, o xefe de área de Seguridade emite novo informe sobre as alegacións complementarias.

Décimo sexto.- En data 24 de novembro de 2020, D. Luciano Daniel Verdi, en nome e representación de DORNIER, presenta escrito solicitando que se rectifique a contía resultante da liquidación, de acordo co informe pericial que axunta ó mesmo.

Décimo sétimo.- En data 11 de xaneiro de 2021, o xefe da área de Seguridade informa sobre a nova proposta de liquidación presentada por DORNIER.

Décimo oitavo.- En data 27 de xaneiro de 2021, o economista municipal emite informe.

Décimo noveno.- En data 8 de febreiro de 2021 a informante asinou un informe proposta á XGL para declarar a caducidade do procedemento de liquidación incoado o 30 de xullo de 2020, proposta incluída na orde do día da XGL de 11 de febreiro do ano en curso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER" pode cualificarse como contrato de concesión de servizo público.

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).

Este contrato é definido pola lexislación contractual que resúltalle de aplicación como aquel mediante o cal as Administracións Públicas encomendan a unha persoa, natural o xurídica, a xestión dun servizo público (artigo 154.1 LCAP).

A súa regulamentación específica está contida no título II do libro II da LCAP e no Regulamento de servizos das corporacións locais.

-II-

Da nulidade

O presente informe ten por obxecto a execución da Sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020, que condena á administración á "inmediata tramitación do expediente de liquidación do contrato" da Xer. Esta liquidación trae causa da declaración da nulidade do contrato pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 17 de marzo de 2011.

Esta declara nula a adxudicación a DORNIER da concesión de servizos para a xestión do aparcamento regulado en superficie na vía pública. Xustifica esta declaración nos fundamentos xurídicos 4º e 5º, no feito de que a oferta era irregular, por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que DORNIER ofertaba como mellora a renovación anticipada, sendo así que a reversión era obrigada por imperativo legal, tal e como prevía o artigo 164 do TRLCAP. E así tamén o recollía a cláusula 23 do PCAP.

A nulidade é un dos supostos de ineficacia dun contrato.

En dereito civil coa expresión "ineficacia do contrato" faise referencia a todos os casos nos que o contrato non despreza os seus efectos. Isto pode acontecer por causas intrínsecas ou extrínsecas ó mesmo. No primeiro caso falaríamos de invalidez do contrato, e no segundo, de ineficacia en sentido estrito.

A súa vez, dentro da invalidez do contrato, podemos diferenciar dúas categorías: nulidade absoluta e anulabilidade. A diferenza entre ambas é que, a nulidade absoluta ou de pleno dereito, priva de eficacia xurídica á relación contractual ab initio. Isto é, o contrato nulo non produce efecto ningún desde o seu inicio. A nulidade é automática e definitiva, o paso do tempo non a subsana, e se pode exercitar a acción para declarala en calquera momento, posto que non caduca nin prescribe. Pola contra, os actos anulables inicialmente desprezan os seus efectos ata que sexan declarados nulos, e poden ser convalidados, ou ben, polo transcurso do tempo, ou subsanando o vicio ou defecto de que adolecen. A acción para declarar a nulidade dun contrato está suxeita a prazo e prescribe.

A nulidade prodúcese cando o contrato é contrario ás normas imperativas ou prohibitivas, o cando carece dalgún requisito esencial para a súa validez.



Concello de Vigo

Esta doutrina é plenamente aplicable ós contratos administrativos. Na normativa de aplicación a este contrato, o TRLCAP, a nulidade dos contratos está regulada no artigo 65. Dispón este artigo:

“1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.

2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios sólo afectará a éstos y sus consecuencias.

3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquél y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio”.

Declarada a nulidade do contrato que nos ocupa pola citada sentenza do TSXG procede a súa liquidación, tal e como dispón a sentenza 40/2020.

-III-

Do procedemento de liquidación

A liquidación dun contrato implica o calculo dos importes ou compensacións que deben realizarse entre sí as partes. Para determinar as mesmas, é preciso incoar un expediente de liquidación.

O TRLCAP non regula, nin o procedemento de resolución, nin o procedemento de liquidación dos contratos. Tampouco determina a lei se a liquidación do contrato debe efectuarse no procedemento de resolución ou noutro posterior. Limitase a establecer os efectos da resolución no artigo 113.

No entanto, da xurisprudencia e da doutrina dos órganos consultivos parece deducirse que unha vez declarada a resolución do contrato, a liquidación poderá tramitarse nun procedemento posterior. Nesta liña determina a STS 5775/2016 parece deducirse que a liquidación deberá efectuarse unha vez resolto o contrato, *“La última potestad reclamada por la Administración tiene como objeto la liquidación del contrato una vez extinguido por resolución. Ante todo, ha de precisarse que la cuestión planteada no versa sobre la atribución a la Administración de la potestad para liquidar el contrato concesional una vez resuelto, pues tal atribución resulta claramente de la legislación aplicable”*.

Con respecto aos trámites do procedemento de liquidación, será preceptiva a audiencia ao contratista, pois tal e como se sinala na citada doutrina, o expediente deberá ser contradictorio. Polo que é necesario evacuar trámite de audiencia ó interesado para que manifieste o que o seu dereito conveña antes de formular a proposta de liquidación ó órgano competente.

DORNIER, presentou unha proposta de liquidación do contrato que foi actualizando varias veces ó longo dos últimos anos. Esta liquidación do contrato non pode admitirse por canto liquida o contrato como se fose un caso de resolución. En caso de nulidade o contrato non existiu nunca, polo que non pode liquidarse como se se tratase dun contrato válido que despois se resolve, senón que deberá aplicarse o disposto no artigo 65.1 do TRLCSP. Porque se ben é certo que a mercantil prestou o servizo, o fixo, non en execución do contrato, senón en aplicación do dispo-

to no artigo 65.3 do TRLCSP. Esta norma permite que a Administración poida optar, en caso de nulidade dun contrato, a continuidade dos efectos do mesmo para evitar trastornos ó servizo público.

Ante a demora da Administración na liquidación do presente contrato, DORNIER interpuxo sendos recursos contencioso-administrativos con relación a inactividade do Concello de Vigo, un referido á falta de liquidación do contrato, e o outro ó incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo en tanto non se adxudicaba o novo contrato. Como sabemos, o primeiro foi estimado, e o segundo desestimado, por sentenzas do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, e nº 278/2019 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo respectivamente.

A sentenza nº 40/2020, obxecto de execución, analiza as consecuencias da declaración de nulidade da adxudicación nos fundamentos xurídicos terceiro e cuarto. Fixa os seguintes parámetros para a liquidación deste contrato:

1. Para a liquidación resulta de aplicación o artigo 65, relativo os contratos nulos e non o artigo 110.4 que regula a liquidación dos contratos en caso de resolución, tal e como pretende o contratista. E o xustifica dicindo que *“La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho (...) La nulidad del contrato significa una situación patológica del acto administrativo, caracterizada porque faltan o están viciados algunos de sus elementos, y al estar afectado de un vicio especialmente grave, no debe producir efecto alguno, lo que se traduce en la inexistencia de las obligaciones contractuales antes citadas, mientras que la resolución del contrato supone el ejercicio de una potestad o prerrogativa que el Legislador otorga a la Administración para dejar sin efecto unas obligaciones perfectamente válidas”*. A aplicación do artigo 65 determina que cada parte deberá restituirse as cousas que tivese entregado para a execución do contrato, tendo en conta que *“La restitución sólo debe comprender el valor de la prestación realizada, lo que incluye sus costes efectivos, pero sin que quepan los demás resarcimientos propios de un contrato válidamente celebrado, dado que, al ser los contratos nulos, no producen los efectos económicos propios del contrato eficaz”*.
2. A liquidación pode acarrexar consecuencias de tipo indemnizatorio. Para determinar as mesmas será de aplicación o artigo 102.4 da Lei 30/1992, sobre os efectos da nulidade dos actos administrativos, se ben para recoñecer indemnización de danos e prexuízos ó contratista será preciso que concorran os requisitos esixidos para a responsabilidade patrimonial nos artigos 139 e seguintes da mesma lei.
3. Non se abonará ó contratista o lucro cesante. Isto é así, tal e como recoñece a sentenza porque *“el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato”*.



Concello de Vigo

4. Non se aboarán ó contratista os xuros das cantidades resultantes da liquidación.
5. Deberá devolverse ó contratista a garantía definitiva posto que non estamos ante un caso de incumprimento contractual.

Nos fundamentos xurídicos seguintes analizaremos por separado os conceptos indemnizables: a restitución, a indemnización de danos e prexuízos e a garantía definitiva.

-IV-

Da restitución

A norma que rexe a liquidación, como se ten dito no fundamento xurídico anterior, é o artigo 65 do TRLCSP, que regula a nulidade e os seus efectos. Consonte ó previsto no mesmo, as partes deberán restituírse reciprocamente as cousas recibidas en virtude do contrato. É dicir, en primeiro lugar procede a restitución in natura. E, subsidiariamente, para o caso de que non fose posible, abonarase o seu valor. Isto é así porque coa declaración de invalidez do contrato pretendese a destrución retroactiva dos efectos que tivese producido, de maneira que todo volva o estado anterior ó mesmo como si este non existira nunca. Así o determina o artigo 1303 do CC con respecto a nulidade dos contratos civís *“Declarada la nulidad de una obligación, los contratantes deben restituirse recíprocamente las cosas que hubiesen sido materia del contrato, con sus frutos, y el precio con los intereses, salvo lo que se dispone en los artículos siguientes”*. Tal e como determina a STS de 30 de decembro de 1996 *“El precepto tiene como finalidad conseguir que las partes afectadas vuelvan a tener la situación personal y patrimonial anterior al efecto invalidador”*. Precepto aplicable ós contratos administrativos en virtude da supletoriedade do dereito civil con respecto ó administrativo (artigo 4.3 CC).

Neste senso, a Resolución nº 51/2015, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de la Comunidad De Madrid determina que *“La finalidad esencial de la liquidación de los contratos nulos, que en sí misma es un auténtico expediente administrativo, es fijar la forma en que puede procederse a la restitución in natura de las prestaciones del contrato y, en defecto de la misma, el valor de las que no pueden ser objeto de restitución”*.

DORNIER no citado recurso contencioso-administrativo interposto contra a inactividade da Administración no aboamento das cantidades derivadas da execución do contrato, reclama á data de presentación do mesmo 1.417.131,75 euros de principal derivado das facturas impagadas, e os intereses de demora que cifra en 11.953,62 euros, no momento da interposición do recurso, sen prexuízo da continuación do seu devengo.

Este recurso tramitouse como procedemento ordinario nº 366/2018, e rematou coa Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, nº 278 do 12 de novembro de 2019, que desestima o recurso. A sentenza non foi recorrida e declarouse firme por dilixencia de ordenación de data 11 de decembro do 2019.

A sentenza, no seu fundamento xurídico cuarto determina a inexistencia dunha obriga do concello de aboar ó contratista a diferenza entre o custe anual do servizo e a recadación se o saldo fose negativo. Así, di que:

“(…) el pliego distinguió claramente dos realidades, una la cantidad de equilibrio de la concesión, 3.1, y otra, el canon que debía abonar el concesionario al Concello de Vigo, 3.5.

En cuanto a la remuneración de la adjudicataria del servicio, únicamente se contempla en el segundo párrafo del apartado 3.1, cuando se indica que:

El concesionario será retribuido directamente mediante las tarifas que abonen los usuarios del servicio.

Entonces, tenemos una cantidad de equilibrio de la concesión que, en la medida en que el pliego permitió que fuese rebajada por los licitadores, la recurrente disminuyó en su oferta, que aunque el pliego se refiera en esa cláusula 3.1 a la misma como un precio, no era tal. Esa cantidad ha sido el parámetro que se ha establecido para el mantenimiento del equilibrio económico financiero de la concesión, y respecto de la misma el apartado 3.3 ha previsto su revisión anual conforme al IPC, incluyendo eventuales prórrogas y se garantizó su mantenimiento con el compromiso establecido en la cláusula 3.4.2, es decir, la garantía de la previsión presupuestaria de la partida necesaria para la conservación de ese equilibrio.

En cuanto a la otra realidad económica del contrato, el canon, claramente se establece que la obligación de abonarlo, en su caso, corresponde exclusivamente a la concesionaria, no al Concello de Vigo. Y surgiría esa obligación para el caso de que la diferencia existente entre los ingresos anuales por recaudación y los costes anuales del servicio resultase positiva para la concesionaria.

Como es de ver no hay previsión alguna para la situación contraria, es decir, que la diferencia entre aquellos dos parámetros resulte negativa para la concesionaria, y en consecuencia el Concello de Vigo deba abonarle cualquier importe.

La realidad contractual (folios no 45 a 47 del expediente administrativo) que nos demuestra el pliego, y es la única a la que debemos estar, es que la prestación del servicio por la recurrente en ningún caso se retribuía contra la presentación de facturas al Concello de Vigo, sino que exclusivamente se remuneraba con cargo a las tarifas abonadas por los usuarios. Un ejemplo de esta circunstancia lo tenemos en la cláusula 3.4.1 cuando se indica que:

La ejecución de los compromisos económicos derivados de la presente contratación, no requiere existencia de crédito, al pagarse el servicio con tarifas que cobra el adjudicatario.

Es cierto que en la cláusula 3.2 sobre condiciones económicas, se mencionan los conceptos liquidación y factura, pero ninguno de los términos se refiere a la retribución del concesionario. El contrato contempló la obligación del concesionario de efectuar liquidaciones tanto mensuales, como anuales, las primeras claramente con una finalidad de control, o facilitadora de la anual y todas ellas en su conjunto, o solo ésta, con el único objeto de verificar la procedencia del abono del canon. Esto es lo que se desprende del último punto de la cláusula 3.2 cuando indica:

El concesionario presentará una factura anual que contemplará la diferencia existente entre el coste anual del servicio y la recaudación real”.

E conclúe no fundamento xurídico 5º fixando as seguintes premisas nas que declara que se sustenta o fallo da sentenza:

- *“No existe la obligación del Concello de Vigo, de compensar a la concesionaria anualmente por la, en su caso, deficitaria prestación del servicio durante los últimos*



Concello de Vigo

cuatro anos, pois el riesgo y ventura que caracterizaba la concesión no ha desaparecido, ni existía, ni existe previsión contractual en esa dirección.

- *La revisión de la cantidad de equilibrio constituye un aspecto sustancialmente diverso y al margen del anterior extremo (deficitaria prestación del servicio), y debería ejecutarse anual y obligatoriamente con arreglo al IPC.*
- *La retribución de la concesión no descansa ni en la presentación de facturas, ni de liquidaciones por la concesionaria al Concello de Vigo.*
- *Si mediante la confección de esas liquidaciones mensuales que, sumadas o agrupadas por las respectivas docenas, se pusiera de manifiesto que la prestación del servicio ha sido deficitaria para la recurrente en los cuatro últimos años, su repercusión es que queda exenta del abono del canon del punto 3.5, pero en modo alguno significa o convierte a la demandada en deudora suya por esas diferencias”.*

Con respecto ó aboamento a DORNIER, no marco da liquidación, das facturas presentadas ó longo destes anos, polo suposto desequilibrio do contrato por mor das sucesivas reducións de prazas afectas ó servizo, di o responsable do contrato, no fundamento xurídico XVIII do seu informe, que:

“18.1 O primeiro concepto de indemnización da liquidación do contrato solicitado por DORNIER S.A. consiste no desequilibrio económico-financeiro derivado das sucesivas reducións das prazas xestionadas, acordadas polo concello desde o inicio do contrato e ata a data de liquidación do mesmo.

O número de prazas suprimidas é de 726 en opinión de DORNIER, S.A. Esta cifra non é correcta, de modo que en aplicación do disposto no Anexo I do Prego Técnico debería partirse da cifra de 2.558 prazas (admisión dunha variación inicial, en máis ou en menos, do 7%) para considerar unha eventual compensación.

A cantidade reclamada ascende a 1.608.753,55 €, valor actualizado ata o 31 de xaneiro de 2014.

O desequilibrio é o resultado determinado pola diferenza entre as recadacións mensuais obtidas das taxas dos usuarios e o prezo acordado do servizo, ata a data de liquidación.

18.2 Este concepto está afectado pola regra da cousa xulgada (arts. 71, 222, 400 da Lei de Axuízamento Civil).

18.3 Na súa estratexia derivada da anulación xudicial do contrato, DORNIER S.A. optou por reclamar ao concello sobre a base da suposta existencia de dous períodos ou fases diferenciados.

O primeiro comprende desde maio do 2007 ata xaneiro de 2014 (primeira fase).

O segundo período comprende desde febreiro do 2014 ata maio de 2018 (segunda fase).

No primeiro período sitúa a liquidación e ten como fundamento o art. 65 do RDL 2/2000 TRLCAAPP (P.O. 365/18, XCA nº 1, Sentenza 40/20 de 21 de xaneiro).

O segundo período respondería a unha “orde do Concello de Vigo (prolongación irregular do mesmo -refírese ao contrato anulado-)”, en argumentación contida no dita-

me de D. Tomás Ramón Fernández asumido por DORNIER, S.A. (P.O. 366/18, JCA nº 2, Sentenza 278/19 de 12 de novembro) .

18.4 O esencial aquí é que nun e outro procedemento existe coincidencia, neste concreto extremo, de obxecto (PETITIUM), pero alterando de forma premeditada a CAUSA DE PEDIR, isto é, os feitos e fundamentos xurídicos que normalmente conducirían á pretensión deducida.

18.5 O PETITIUM é idéntico: a reclamación do importe da diferenza entre o prezo anual/custo anual/cantidade de equilibrio do servizo e a recadación obtida dos usuarios.

No P.O. 365/18 do JCA nº 1, devandito importe é un concepto de liquidación.

No P.O. 366/18 do JCA nº 2 é unha débeda derivada dunha extravagante execución do contrato, ou en palabras de DORNIER S.A., “o período ao que fan referencia as facturas complementarias emitidas (febreiro do 2014 a maio de 2018, ambos inclusive) correspóndese co período intermedio de prolongación irregular do servizo” (F.D 5º da demanda) ..., “unha especie de negocio xurídico virtual cuxas condicións serían, en principio, as mesmas que as do contrato declarado nulo” (ibídem).

18.6 A diferente CAUSA DE PEDIR non ten outra xustificación que tentar avalar a pretensión unilateral de DORNIER S.A. (deducida das súas propostas de liquidacións) de

1º.- Que a liquidación do contrato conxélese en xaneiro de 2014, facendo seu nesa data o valor pendente de amortización dos activos dedicados ao servizo en virtude do contrato xudicialmente anulado. É dicir, liquidar coma se tratácese dunha obriga- ción válida en prexuízo do concello; e

2º.- Que o período de febreiro do 2014 a maio de 2018 sométase ás regras dese substancioso, fácil e verdadeiramente insólito “negocio xurídico virtual” (sen risco e ventura mesmo) deducido en xuízo con amparo no mero ditame previamente solicita- do na fase administrativa previa, o que resulta rexeitado de forma rotunda na Senten- za 278/19 do 12 de novembro (F. X. 3º).

18.7 A liberdade de configuración das accións (pretensións) do demandante ten como límite legal explícito o principio de preclusión dos “diferentes feitos” ou “distin- tos fundamentos ou títulos xurídicos” en que caiba substanciar a demanda ao tempo da súa interposición (art. 400 da LACv).

18.8 A Sentenza 278/19 do 21 de novembro (P.O. 366/18), que é firme, rexeita que das cláusulas do contrato -que considera aplicables en fase xa de liquidación do mesmo- dedúzase a obriga- ción do pago das facturas emitidas pola diferenza entre o prezo anual/custo anual/cantidade de equilibrio do contrato e as taxas obtidas dos usuarios.”

Procede, a continuación, fixar os bens e dereitos que, no seu caso, deberán restituírse as partes.



Concello de Vigo

Consonte o artigo 65 do TRLCSP procedería restituír a DORNIER os bens achegados para a prestación do servizo e as melloras executadas, pois tal e como se desprende dos informes técnicos obrantes no expediente non se executaron todas.

Dos fundamentos xurídicos XI e XII do informe do responsable do contrato despréndese que:

- **Son restituíbles por natureza:** os expendedores de tickets e os equipos informáticos e o software.
- **Non son restituíbles:** os estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato.

1.- Bens restituíbles por natureza

Con respecto ós bens restituíbles, aclara no fundamento xurídico XIII que *“Todos os activos postos por DORNIER S.A. ao servizo da execución do contrato declaro nulo están amortizados, en canto dedicados efectivamente a aquel por un tempo superior ao previsto para a súa amortización no contrato declarado nulo. Trátase en todos os casos de activos susceptibles de ser devoltos ex art. 65 do RDL 2/00. Así sucede cos expendedores de tickets e a sinalización (10 anos); e cos equipos informáticos e as aplicacións de xestión (3 anos)”*. Efectivamente, a execución do contrato comezou o 4 de setembro de 2007 e rematou o 31 de maio de 2018, polo que excedeuse o período de amortización previsto na súa oferta.

Fai mención expresa a 39 expendedores adicionais instalados polo contratista que non foron ofertados, que considera que tamén amortizados.

Tal e como afirma o responsable do contrato, *“Estes activos foron retirados por DORNIER, S.A.”* (fundamento xurídico XIX).

2.- Bens non restituíbles por natureza

Considera o responsable do contrato que os estudos e traballos técnicos executados desde 2007 ata 2011 son “prestacións non susceptibles de ser devoltas tras a declaración de nulidade do contrato. O seu valor actual virá determinado pola diferenza existente entre o importe da súa amortización lineal en 14 anos menos e o correspondente ao tempo efectivo de prestación do servizo (maio de 2018, 129 meses) en que se verificou a súa cancelación parcial. O seu importe ascende 743.126 euros, segundo declara o contratista nas sucesivas propostas de liquidación do contrato presentadas. Deste importe restarían por amortizar 163.664,69 euros (fundamento xurídico XX).

O referido informe técnico refírese tamén ós que denomina **“Ingresos extraordinarios”**. Di o respecto que *“Desde o exercicio fiscal de 2011 (cuarto do contrato) DORNIER, S.A., percibiu como ingresos extraordinarios (por non previstos no contrato anulado) os correspondentes á modificación da ordenanza fiscal reguladora do servizo, engadíndose as tarifas postpagadas (anulación das infraccións) a favor da concesionaria, que aquí se teñen por compensadas (reciprocidade) pola prestación do servizo”*.

Esta Administración como contraprestación pola prestación do servizo debería ter recibido un canon. No entanto, non percibiu ningunha cantidade neste concepto, polo que non procede restitución ningunha.

Recapitulando con relación á restitución, compre manifestar:

- Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A. polo suposto desequilibrio do contrato.
- Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este, polo que non procede a súa restitución.
- Dos estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato, restarían por amortizar 172.511,43 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.
- Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.
- Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.

-V-

Indemnización de danos e prexuízos

O artigo 65.1 determina que en caso de nulidade dun contrato, se á causa da mesma fose imputable á unha das partes, a que resulte culpable deberá indemnizar á contraria dos danos e prexuízos que tivese sufrido.

A sentenza 40/2020 determina que á liquidación do contrato nulo, tamén será de aplicación o artigo 102.4 da Lei 30/1992, sobre os efectos da nulidade dos actos administrativos, que dispón que *"las Administraciones públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los arts. 139.2 y 141.1 de esta Ley; sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma"*. Di o respecto esta sentenza que *"Las normas citadas remiten a los preceptos sobre responsabilidad patrimonial de la Administración Pública y en esta materia se debe partir de que la anulación en vía administrativa o por el orden jurisdiccional contencioso-administrativo de los actos o disposiciones administrativas no presupone derecho a la indemnización (artículo 142.4o LRJAP) y que el daño alegado habrá de ser efectivo, evaluable económicamente e individualizado con relación a una persona o grupo de personas (artículo 139.2 LRJAP)"*.

Recapitulando podemos afirmar que para fixar indemnización de danos e prexuízos a DORNIER deberían concorren os seguintes requisitos (artigo 35 da LRJSP):

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabile economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, existindo unha relación de causa a efecto entre a actuación administrativa e o resultado danoso.

Que non sexa produto de forza maior.

No caso que nos ocupa, tal e como se desprende do exposto, non concorre ningún dos requisitos esixidos pola lei para apreciar a responsabilidade patrimonial desta Administración na declaración de nulidade da adxudicación do contrato. O TSXG declarou a nulidade do



Concello de Vigo

contrato porque a oferta de DORNIER era irregular por non contemplar a reversión de certos elementos do servizo para os que ofertaba como mellora a renovación anticipada. Así consta nos fundamentos xurídicos 4º e 5º da sentenza. En consecuencia, a xuízo da informante, non procede recoñecer indemnización dos danos e prexuízos causados ó contratista. Así o manifesta tamén o responsable do contrato no fundamento xurídico XVI do seu informe.

-VI-

Devolución do aval

DORNIER S.A, constituíu garantía definitiva para responder deste contrato mediante aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, la Caixa, nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros. Rexistrado no Rexistro especial de avales co nº de aval 9340.03.0830819-74.

Conforme ó artigo 43.2 do TRLCAP a garantía definitiva responde dos seguintes conceptos:

- Das penalidades impostas ó contratista por mor da defectuosa execución do contrato.
- Das obrigas derivadas do contrato, dos gastos orixinados á Administración pola demora del contratista no cumprimento das súas obrigas, dos danos e prexuízos que lle foran ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou no suposto de incumprimento sen resolución.
- Da incautación que poida decretarse nos casos de resolución.

Como pode apreciarse non concorre no caso que nos ocupa, ningunha das circunstancias que determinarían a incautación da garantía, polo que procedería a súa devolución. A devolución e cancelación das garantías definitivas está regulada no artigo 47 do mesmo texto legal, que dispón que *“Aprobada la liquidación del contrato, si no resultaren responsabilidades que hayan de ejercitarse sobre la garantía y transcurrido el plazo de la misma, en su caso, se dictará acuerdo de devolución de aquélla o de cancelación del aval”*. Así pois, unha vez evacuado o trámite de audiencia ó licitador, no acordo de aprobación da liquidación deberá acordarse a devolución da garantía definitiva mediante a cancelación do aval. Así o determina o fundamento xurídico 4º da sentenza 40/2020.

-VII-

Conclusiones

Para a liquidación do contrato que nos ocupa, resulta de aplicación o artigo 65, relativo ós contratos nulos. A aplicación do artigo 65 determina que cada parte deberá restituírse as cosas que tivese entregado para a execución do contrato.

Conforme ó exposto e tendo en conta o citado informe do responsable do contrato, corrixido posteriormente en data 3 de setembro de 2020, ó fío das alegacións presentadas por DORNIER en canto a cantidade a aboar en concepto de estudos e traballos técnicos, podemos concluír con relación á liquidación deste contrato que:

- Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A. polo suposto desequilibrio do contrato.

- Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.
- Dos estudos e traballos técnicos desenvoltos na execución do contrato restarían por amortizar 172.511,43 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.
- Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.
- Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.
- Non procede aboar danos e prexuízos.
- Non procede aboar o lucro cesante.
- Procede a devolución da garantía definitiva.
- Non se aboarán ó contratista os xuros das cantidades resultantes da liquidación.
-

-VIII-

Caducidade do expediente de liquidación incoado por acordo da XGL de 30 de xullo de 2020

En data 8 de febreiro de 2021 a informante asinou un informe proposta á XGL para declarar a caducidade do procedemento de liquidación incoado o 30 de xullo de 2020, e tramitado como expediente 6478-241, polo transcurso do prazo de resolución. Esta proposta está incluída na orde do día da XGL de 11 de febreiro do ano en curso. En consecuencia, a aprobación da presente proposta, quedará condicionada á previa aprobación da proposta de caducidade.

-IX-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención xeral (artigo 114.3 TRRL e apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Incoar expediente de liquidación do contrato de concesión de servizo de xestión de estacionamentos regulado mediante expendedores de tiquets na vía pública (X.E.R) en execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020.



Concello de Vigo

2º.- *Dar trámite de audiencia a DORNIER, S.A., por prazo de quince días naturais, sobre a seguinte proposta de liquidación:*

- a) *Con respecto á restitución dos bens e dereitos, tal e como se determina no fundamento xurídico cuarto:*
- *Non procede o aboamento das facturas mensuais presentadas por DORNIER, S.A.*
 - *Os expendedores de tickets, os equipos informáticos e o software achegados por DORNIER para a execución do contrato foron amortizados e retirados por este polo que non procede a súa restitución.*
 - *Dos estudos e traballos técnicos desenvolto na execución do contrato restarían por amortizar 172.511,43 euros, que deberán abonarse a DORNIER, S.A.*
 - *Os ingresos extraordinarios percibidos por DORNIER en concepto de anulación das infraccións se teñen por compensadas pola prestación do servizo.*
 - *Dado que non se abonou a esta Administración o canon previsto pola prestación do servizo non procede devolver ningunha cantidade por este concepto.*
- b) *Non se aboarán ó contratista os xuros das cantidades resultantes da liquidación, polos motivos expostos no fundamento xurídico III deste escrito.*
- c) *Non procede aboar o lucro cesante, polos motivos expostos no fundamento xurídico III deste escrito.*
- d) *Non procede indemnización de danos e prexuízos a favor de ningunha das partes, polos motivos expostos no fundamento xurídico V deste escrito.*
- e) *Devolver a DORNIER, S.A., a garantía definitiva constituída para responder deste contrato, cancelando o aval da Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona, canxeado na Tesourería municipal co nº operación 200700033628, por importe de 1.116.132,53 euros.*

3º.- *Iniciar expediente de modificación orzamentaria para facer fronte á execución da sentenza nº 40 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, do 29 de xaneiro de 2020 no momento no que o crédito sexa executivo”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(84).- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23). EXPTE. 2701/500.

Visto o informe favorable de data 04/02/21, do Tribunal Económico Administrativo, e o informe de fiscalización do 05/02/21, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/21, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e p rezos públicos.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de axuda á familia e á convivencia familiar.
- Lei 7/2019 de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que modifica á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 4/2021 de 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas que modifica a Lei 13/2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 4 de setembro de 2019 aprobouse a última modificación das tarifas da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil (expediente 2588/500).

Segundo.- Con data 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Adoptar a medida de gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para os segundos fillos ou fillas da unidade familiar matriculados nunha das escolas infantís municipais: EIM Atalaia-Teis, EIM Sta. Cristina-Lavadores, EIM Costeira-Saiáns, EIM Sta. Marta-Casco Vello, EIM Tomás Alonso, EIM Bouzas, EIM Mestres Goldar-Castrelos e EIM Navia, ou calquera escola infantil que pase a integrarse na Rede de Escolas Infantís Municipais.

Segundo.- Solicitar á Consellería de Política Social acollerse á compensación económica procedente pola gratuidade da atención educativa nas escolas infantís municipais de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos/as, establecida na Disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, modificada polo artigo 23 da Lei 7/2019, de 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Terceiro.- Instar da Concellería de Orzamentos e Facenda a modificación que proceda da ordenanza nº 23, Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil.”

Terceiro.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 10 de novembro de 2020.



Concello de Vigo

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Os tributos, ademais de ser medios cos que conseguir os recursos para financiar o gasto público, son tamén un instrumento da política económica aínda que esta finalidade extrafiscal non pode esquecer a propia finalidade recadatoria, é dicir, a de financiar o gasto público.

A presente modificación da Ordenanza destas taxas realízase no contexto doutras medidas de redución da carga tributaria enmarcadas todas elas en políticas municipais dirixidas á protección da familia, a educación, ou o emprego.

A modificación proposta consiste en incluír no artigo 3 da Ordenanza un apartado 4 do seguinte tenor literal *“aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza ao segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar”*

Para unha axeitada asignación dos/das diferentes usuarios/as aos tramos de renda establecidos na correspondente resolución de adxudicación de prazas, inclúense -sen modificación das cotas vixentes - os tramos de renda determinados pola Consellería de Política Social.

Os tramos de renda per capita mensual vixentes definidos pola Consellería de Política Social para a adxudicación de prazas son os seguintes:

Ata 161,34 €

De 161,35 a 268,91€

De 268,92 a 403,37€

De 403,38 a 537,83€

De 537,84 a 672,29€

De 672,30 a 806,75€

De 806,76 a 1075,68€

mais de 1075,68€

Os tramos e subtramos que figuran no artigo 4 da ordenanza permitirán ás dúas Administracións (Xunta e Concello) unha aplicación inequívoca e transparente da compensación prevista no apartado 2 da disposición adicional novena da Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia na redacción establecida no artigo 23 da Lei 7/2019 de 23 de decembro:

“2., nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais. No caso de que as entidades locais tiveran implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do

aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas”.

Compre deixar constancia neste punto que as taxas reguladas na presente Ordenanza corresponden aos servizos de “atención educativa” pois, como pode apreciarse no estudo económico que se acompaña, os importes relativos ao “servizo de comedor” (un 15,64% do custe total que ascende a 2.232.440, 79 €) son financiados a cargo doutras partidas do Orzamento municipal. Por outra parte, segundo a estimación de ingresos realizada, as taxas de “atención educativa” só alcanzan a financiar un 11,30% do custe total do servizo, que xunto coa subvención anual da Xunta de Galicia de 110.440 € acadaría a porcentaxe de 16,24.% Finánciase o restante 83,76% con cargo ao Orzamento municipal estando incluídos nesta porcentaxe os importes correspondentes aos servizos de manutención ou comedor.

A regulación das taxas contidas na presente Ordenanza ten o seu marco legal no disposto nos Artigos 20 a 27 do TRLRFL.

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria na partida correspondente do orzamento de ingresos do Concello.

A bonificación do 100% a segundos e sucesivos fillos e fillas supón unha minoración das ingresos por esta taxa para un curso académico de 64.953 euros coa hipótese da distribución estatística de alumnos e alumnas por tramos de renda similar á do curso 2019-2020 así como coa hipótese de que continuarán sendo un 25 % os alumnos que ocupan o lugar segundo ou sucesivo na unidade familiar.

Por outra parte, a estimación do importe da compensación regulada na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos sociais de Galicia que o Concello recibiría ascende a 55.428 euros. Con estas premisas o impacto anual orzamentario estímase en 9.525 euros

5. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, “cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública” a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.



Concello de Vigo

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: “o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.*

Con carácter potestativo poderás solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.



Concello de Vigo

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o desfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

matrícula e mensualidade ordinaria exento

matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 161,34 e 268,91€

matrícula e mensualidade ordinaria exento

matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 268,92 e 347,17€

matrícula e mensualidade ordinaria exento

matrícula tarde e mensualidade tarde exento

entre 347,18 e 403,37€

matrícula e mensualidade ordinaria 50,85€

matrícula tarde e mensualidade tarde 33,05€

entre 403,38 e 472,00€

matrícula e mensualidade ordinaria 76,25€

matrícula tarde e mensualidade tarde 49,56€

entre 472,01 e 537,83€
matrícula e mensalidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensalidade tarde 66,11€

entre 537,84 e 547€
matrícula e mensalidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensalidade tarde 66,11€

entre 547,01 e 672,29€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

entre 672,30 e 806,75€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

entre 806,76 e 1075,68€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

mais de 1075,68€
matrícula e mensalidade ordinaria 127,10€
matrícula tarde e mensalidade tarde 82,62€

FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25
matrícula e mensalidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensalidade tarde exento

FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€
matrícula e mensalidade ordinaria 101,70€
matrícula tarde e mensalidade tarde 66,11€

Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas
matrícula e mensalidade ordinaria exento
matrícula tarde e mensalidade tarde exento

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adxudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.

De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ESCOLAS DE PRIMEIRA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (23).

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES.

1. Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os nenos e nenas que pertencen a unidades familiares con capacidade económica per cápita anual inferior ao igual a 4166€ ou inferior ou igual a 6519€ se se trata de familias numerosas.

Para a determinación da capacidade económica per cápita anual estarase ao disposto no artigo 60 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar (na actualidade, Consellería de Política Social) polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Ademais do disposto no paragrafo anterior, a efectos de determinar a capacidade económica per cápita terase en conta o seguinte:

1.1. No caso de persoa con grado de discapacidade igual ou superior ao 65%, computarase como se fosen 2 persoas.

No caso de que o grado de discapacidade estivese entre o 33% e o 65% computarase como 1,5.

1.2 No caso de que a nai sexa unha persoa vítima de violencia de xénero acreditada mediante sentenza firme, orde de protección ou medida cautelar, informe do Ministerio Fiscal sobre indicios de violencia de xénero, informe dos servizos sociais autonómicos ou locais, así como outras formas de acreditación establecidas na lexislación vixente (LO 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e Lei 11/2007 para a prevención e tratamento da violencia de xénero da Comunidade Autónoma) aplicarase á súa renda o coeficiente 0,35. Este coeficiente será de aplicación durante os primeiros 5 anos contados dende a data da sentenza ou dos demais documentos acreditativos.

1.3 No caso de que o/a pai, nai, titor/a sexa un/a titor/a monoparental, único/a perceptor/a de ingresos e os/as fillos/as non tiveran rematado o ensino obrigatorio, aplicarase a súa renda o coeficiente 0,55.

Poderá aplicarse este coeficiente no caso de que os/as fillos/as percibiran prestacións de carácter público con motivo de discapacidade, invalidez e orfandade.

1.4 No caso de que o/a pai, nai, titor/a levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase á súa renda un coeficiente do 0,35.

Para o disfrute desta exención deberá solicitarse expresamente e autorizar ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos de todos os integrantes da unidade familiar e aportar, no seu caso certificados de discapacidade ou título de familia numerosa.

2. Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado de horario reducido de tarde.

3. Aplicarase unha bonificación do 100% nas taxas reguladas na presente ordenanza a un segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar.

4. Agás o disposto no apartado anterior así como en normas con rango de Lei ou Tratados Internacionais, non se admitirán outros beneficios fiscais nas taxas obxecto desta Ordenanza fiscal.

ARTIGO 4.- COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas (as correspondentes mensualidades de tarde que constan neste artigo resultan da aplicación do artigo 3.2 desta ordenanza):

Por cada nena ou neno pertencente á unidade familiar con capacidade económica per cápita mensual ata:

161,34€:

| | |
|--------------------------------------|--------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | exento |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | exento |

entre 161,34 e 268,91€

| | |
|--------------------------------------|--------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | exento |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | exento |

entre 268,92 e 347,17€

| | |
|--------------------------------------|--------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | exento |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | exento |

entre 347,18 e 403,37€

| | |
|--------------------------------------|--------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | 50,85€ |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | 33,05€ |

entre 403,38 e 472,00€

| | |
|--------------------------------------|--------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | 76,25€ |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | 49,56€ |

entre 472,01 e 537,83€

| | |
|--------------------------------------|---------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | 101,70€ |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | 66,11€ |

entre 537,84 e 547€

| | |
|--------------------------------------|---------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | 101,70€ |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | 66,11€ |

entre 547,01 e 672,29€

| | |
|--------------------------------------|---------|
| matrícula e mensualidade ordinaria | 127,10€ |
| matrícula tarde e mensualidade tarde | 82,62€ |



Concello de Vigo

| | |
|--|---------|
| entre 672,30 e 806,75€ | |
| matrícula e mensalidade ordinaria 1 | 27,10€ |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | 82,62€ |
| entre 806,76 e 1075,68€ | |
| matrícula e mensalidade ordinaria | 127,10€ |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | 82,62€ |
| mais de 1075,68€ | |
| matrícula e mensalidade ordinaria | 127,10€ |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | 82,62€ |
| FAMILIA NUMEROSA, ata 543,25 | |
| matrícula e mensalidade ordinaria | exento |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | exento |
| FAMILIA NUMEROSA, entre 543,26 e 547,00€ | |
| matrícula e mensalidade ordinaria | 101,70€ |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | 66,11€ |
| Segundos/as e sucesivos/as fillos/fillas | |
| matrícula e mensalidade ordinaria | exento |
| matrícula tarde e mensalidade tarde | exento |

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO.

5. A renuncia a unha praza xa adxudicada, sempre que se produza con anterioridade ao comenzo do ano dará dereito á devolución do 80% do importe da matrícula.

De producirse a renuncia durante o curso esta deberá producirse antes do día 25 do mes para surtir efectos no mes seguinte. Noutro caso devengarase o mes seguinte completo.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación de ordenanza entrará en vigor e comenará a aplicarse o día seguinte ao da súa publicación no BOP permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas..

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(85).-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS (60). EXPTE. 2689/500.

Visto o informe de fiscalización do 08/02/21, dáse conta do informe-proposta de data 29/01/21, asinado pola xefa da Inspección de Tributos e pola directora de Ingresos, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (en adiante, LRBRL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015).
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF).
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.
- Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.(Directiva marco da Auga)
- Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia e Decreto 1/2015, de 15 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei.
- Lei 9/2019 de 11 de decembro de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas solucións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 136/2012 de 31 de maio polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de verquido a sistemas públicos depuración de augas residuais.

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 30 de setembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO. Aprobar inicialmente, consecuencia da súa adaptación ao preceptuado na Lei 9/2019, de 11 de decembro, o proxecto de modificación parcial da Ordenanza de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais segundo redacción que consta no Anexo a este acordo que coincide co proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27.08.2020.

SEGUNDO. Someter a información pública e audiencia dos interesados a modificación inicialmente aprobada por un prazo de trinta días mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia para a presentación das reclamacións e suxestións que se estimen oportunas; de non



Concello de Vigo

presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo sen necesidade de pronunciamento expreso do Pleno.

O anuncio sinalará o lugar de exhibición do Expediente que estará a disposición das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica (portal web do Concello <https://vigo.org>)

TERCEIRO. Remitir á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia o presente acordo en unión do expediente tramitado a efectos do sinalado no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 16. Catro do Real Decreto-Lei 7/1996, de 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica”.

Segundo.- Dito acordo foi publicado no BOP nº 191 do 2 de outubro do 2020 e na sede electrónica do Concello de Vigo. Tamén foron publicados dous anuncios en dous periódicos o 6 de outubro do 2020, estando en exposición pública no período comprendido entre 07-10-2020 e o 18-11-2020.

Terceiro.- Consta no expediente certificado da Secretaria de Goberno Local de 25 de novembro de 2020, no que constan as seguintes reclamacións/suxestións presentadas durante o prazo de exposición pública:

- X.C.P. (nº de documento 200206501)
- A.B.M.P. (nº de documento 200206593)
- A.R.B. (nº de documento 200206758)
- B.G.S. (nº de documento 200213217)
- X.S.B. (nº de documento 200222733)
- J.G.G. (nº de documento 200233028)
- M.C.O. (nº de documento 200235482)
- M.E.H.P. (nº de documento 200236351)
- Asociación Galega de Consumidores e Usuarios- ACOUGA (nº de documento 200242222)
- J.J.H.D. (nº de documento 200242408)
- Asociación de Comerciantes de As Travesas- AETRAVI (nº de documento 200244057)
- X.F.H. (nº de documento 200244726)
- CP Sanmartin de Coia (nº de documento 200244878)

Cuarto.- Consta no expediente informe favorable adoptado o 28 de decembro de 2020 pola Comisión de Prezos de Galicia.

3. ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS.

I.- As reclamacións formuladas en documentos nº 200206501, 200206593, 200206758, 200213217, 200222733, 200233028, 20035482, 200236351 e 200246726 conteñen a seguinte argumentación:

“A modificación aprobada non supón unha efectiva aplicación da tarificación por consumo, xa que malia eliminar o consumo mínimo incluído no término fixo de 30 metros cúbicos bimestrais, na súa aplicación práctica supón unicamente unha modificación dos conceptos tarifarios, imputando ás cotas fixas o grosor do importe da tarifa anterior.

Ademais non suporá unha redución real nin relevante dos custes do servizo que asumen tanto os usuarios domésticos como os non domésticos, e está deseñada sen valorar a posibilidade da remunicipalización do servizo para o colocar baixo xestión pública.

En consecuencia, esta modificación non atende a histórica e maioritaria reivindicación da cidadanía de Vigo que reclamamos desde hai moitos anos unha nova tarifa que se aplique, de verdade, sobre o consumo real, que abarate os custos e que aposte por un consumo racional e sustentábel.

Polo que, demando a retirada desta modificación e insto ó Goberno municipal a impulsar a elaboración dun novo modelo integral da xestión (que inclúa a súa remunicipalización) e un novo sistema tarifario para o servizo de abastecemento, saneamento e depuración da auga na cidade de Vigo, que conte coa participación do tecido asociativo (movemento veciñal, organizacións sindicais e de consumidores/as) e do conxunto das forzas políticas presentes na Corporación municipal”.

--- En relación ao exposto nos tres primeiros parágrafos , hai que ter en conta as condicións do termo municipal de Vigo, que conta con máis de 100 km² de extensión cunha orografía variable e unha dispersión de poboación que implica que o 28% dos seus habitantes residen en edificacións unifamiliares ou con entornos territoriais baleiros. Estas condicións determinan a existencia dunha lonxitude extraordinaria de redes de abastecemento e saneamento así como doutras instalacións para salvar desniveis cuxo custo debe repartirse entre toda a cidadanía.

Compre reiterar o exposto no informe proposta de data 19-08-2020 respecto a que *“os importes fixos que os usuarios veñen pagando por poder consumir un número variable de m³ -ata o máximo de 30 ao bimestre – están destinados nunha contía moi elevada, a sufragar, entre todos os abonados, os custes fixos do servizo*

O establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, recuperando idéntica cantidade de ingresos que en 2019, sen dúbida, deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados. Só así se acada o principio de “uso eficiente da auga” e aforro do recurso “consumo responsable”.

“estamos diante de servizos con altísimas cifras de custes fixos de mantemento, operación e investimento en instalacións. Dito noutros términos, no prezo do m³ de auga consumida, evacuada e depurada deben estar incluídos os custes fixos. Ata tal punto resulta imprescindible o financiamento dos custes fixos que, a mera disponibilidad do servizo debe implicar o abono de cotas fixas de servizo ou aboamento por abastecemento, alcantarillado e depuración, de forma similar ao que sucede nas facturas doutros servizos como electricidade e gas.

Resulta oportuno mencionar, neste punto, a consideración segunda das realizadas no trámite de consulta pública pola Asociación de Consumidores y Usuarios del Agua (ACUA) na que se solicita que a “revisión da ordenanza 60 atenda ao principio de recuperación de custes, mesmo a incluír no estudio económico correspondente as previsión de investimentos” As dúas cuestións aparecen amplamente documentadas e calculadas no presente expediente.

- *As Cotas fixas de aboamento ou cotas fixas de servizo quedan fixadas na Tarifa I do Artigo 5 diferenciadas para cada un dos tres servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración e, en cada servizo, diferenciadas para abonados domésticos e non domésticos.*



Concello de Vigo

Para unha mellor comprensión do alcance dos custes fixos que deben ser financiados entre todos os abonados - consuman ou non -, especificase no propio articulado da ordenanza que:

--A cota fixa de abastecemento “corresponde aos custes fixos de operación, mantemento e reposición das captacións -Presa de Eiras e embalse de Zamáns - , adución – Canais de Eiras O Casal, Zamans-Valadares e cinturón perimetral O Casal-Valadares-, mantemento e reposición das ETAPS do Casal e Valadares, sistemas de bombeo, depósitos de almacenamento, redes de transporte, redes de distribución e acometidas ata a chave de rexistro da acometida situada obrigatoriamente en vía pública diante da propiedade do abonado.”

A Cota fixa de alcantarillado “corresponde aos custes fixos derivados de operacións, mantemento e reposición de redes de alcantarillado, colectores -Lagares, de marxe de Ría, de Oia e Saíans e de Teis, interceptores, instalacións de bombeo de augas residuais, tanques de tormenta e emisario submarino”.

--A cota fixa de depuración “corresponde aos custes fixos derivados de operación, mantemento e reposición das EDARS do Lagares e Teis.”

• A continuación establécense como Tarifas II, III e IV as cotas variables ou por consumo para os tres servizos considerados, tamén diferenciando consumo doméstico e non doméstico. Como xa se apuntou anteriormente e, tamén figura na aportación terceira de ACUA, unha tarifa baixo o principio de equidade debe ter en conta o número de persoas que consumen estes servizos no momento de aplicarlle a unha determinada vivenda un tramo de consumo ou outro. De aí que os tramos das tarifas variables de aplicación a consumos domésticos teñan prezos unitarios para consumos por persoa ao bimestre. O primeiro tramo de 6m³/persoa/bimestre terá unha tarifa moi reducida : 7 céntimos/m³ para abastecemento, 5 céntimos/m³ para alcantarillado e 5,24 céntimos/m³ para depuración.

Un segundo tramo de máis de 6 ata 10 m³ por persoa e bimestre tamén con prezos baixos. A continuación, dous tramos máis con prezos superiores onde se fai efectivo o incentivo aforrador do recurso”.

Esta nova estrutura, establece para consumos domésticos ou de familias, os tramos de consumo por persoa fronte á anterior que atendía a tramos de consumo por vivenda. Este cambio vai destinado ao cumprimento do principio de equidade ao permitir aplicar un prezo moi baixo aos primeiros 6m³ por persoa e bimestre, un prezo baixo aos seguintes 4m³ por persoa e bimestre e prezos superiores nos consumos máis altos ou excesivos”.

A nova tarifa toma en consideración o documento da Organización Mundial da Saúde, dispoñible en https://www.who.int/water_sanitation_health/diseases/wsh0302/es/, que determina que no suposto de **“auga abastecida de forma continuada a través de varias billas, o que constitúe un acceso óptimo ao recurso, unha cantidade promedio de 100 litros/persoa/día permite atender todas as necesidades de consumo e hixiene sen risco para a saúde”**. Con esta premisa establecimos o primeiro tramo de ata 6 m³/persoa/bimestre=6000 litros/persoa/60 días=100 litros/persoa/día. Como explicamos anteriormente, neste primeiro tramo as tarifas son moi baixas (7 céntimos/m³ para abastecemento, 5 céntimos/m³ para alcantarillado e 5,24 céntimos/m³ para depuración) e aplícanse ata 18 m³ vivenda/bimestre, considerando de forma xeral que hai tres ocupantes en cada vivenda.

Coa tarifa vixente, na cifra fixa de 35,79 € veñen estando incluídos o financiamento dos custes fixos do servizo. Esta afirmación coincide cunha das conclusións do **Informe elaborado pola**

Universidade de Vigo respecto da Tarificación da Auga neste concello (ano 2014): “O consumo mínimo exento resulta un concepto equívoco que fai pensar que se paga por un nivel de servizo maior do que se utiliza, cando realmente o que se está pagando é o financiamento dos custes totais da prestación do Servizo, que en boa medida son custes fixos”.

En definitiva, nas facturas vixentes inclúense, aínda que de forma non explícita, os custes fixos ademais dos variables correspondentes a un consumo de ata 30m³. Na próxima estrutura de tarifa aprobada inicialmente en sesión plenaria de 30 de setembro de 2020 faránse visibles os custos fixos a través das cotas fixas e responderán ao consumo as cotas variables :

Cota fixa de abastecemento.
Cota fixa de alcantarillado.
Cota fixa de depuración
Cota por m³ de consumo de abastecemento.
Cota por m³ de auga evacuada (alcantarillado).
Cota por m³ de auga depurada.

Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron 39.940.000 euros, no exercicio 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.

Expoñemos, a continuación, una serie de resultados comparando os recibos vixentes cos que se derivarán da tarifa proposta a partir do bimestre xullo-agosto de 2021 (disposición final da ordenanza)

| | |
|---|-------------|
| factura bimestral vixente con 18m ³ : | 35,79 euros |
| factura bimestral proposta con 18m ³ : | 35,83 euros |

Para todos os consumos inferiores, os futuros recibos resultantes serán de menor contía que os vixentes:

| | |
|---|-------------|
| factura bimestral vixente con 17m ³ : | 35,79 euros |
| factura bimestral proposta con 17m ³ : | 35,65 euros |

| | |
|---|-------------|
| factura bimestral vixente con 13m ³ : | 35,79 euros |
| factura bimestral proposta con 13m ³ : | 34,89 euros |

| | |
|---|-------------|
| factura bimestral vixente con 12m ³ : | 35,79 euros |
| factura bimestral proposta con 12m ³ : | 34,69 euros |

| | |
|--|-------------|
| (*) vivenda con 6 ocupantes factura bimestral vixente con 36m ³ : | 42,72 euros |
| vivenda con 6 ocupantes factura bimestral proposta con 36m ³ : | 36,97 euros |

(*) No caso de que nunha vivenda haxa máis de 3 persoas, o primeiro tramo estenderase 6 m³ por cada persoa que supere o número de 3 podendo consumir aos prezos mínimos nas vivendas



Concello de Vigo

con 4 ocupantes 24 m³, con cinco ocupantes 30 m³, con 6 ocupantes 36 m³ e así sucesivamente.

Asimesmo, para evitar saltos respecto dos recibos actuais, en familias extensas establececese na disposición transitoria un máximo de 36,97 euros na factura bimestral se non se supera a ratio de 6m³/persoa/ bimestre.

Poñendo en relación os consumos promedio de 81.000 vivendas -de ata 3 ocupantes- no exercicio 2019 resultará que un 49,48% das mesmas pagará menos coa nova tarifa. Se engadimos a estas o colectivo de vivendas con 4 ou mais ocupantes nas que se aplicará extensión de tramo, a porcentaxe de vivendas que pagará igual ou menos, acada o 69,22%. Non pode ocultarse que se a estrutura tarifaria beneficia a consumos de ata 6m³/persoa/ bimestre, perxudicará a consumos destinados a rego de xardíns, lavado de vehículos, piscinas e outros porque, nos tramos superiores de consumo, as facturas resultarán superiores ás vixentes.

Se o consumo non supera os 18m³/vivenda/bimestre, non pagarán máis. Se está por debaixo, terán un aforro respecto da tarifa vixente (neste suposto está aproximadamente o 50% das vivendas).

Se o consumo está por enriba dos 18m³/vivenda/bimestre sendo 3 ocupantes na mesma, terán pequenos incrementos ata a cifra de 30m³/vivenda/bimestre agás que se trate de familias con máis de 3 membros que terán extensión de tramo e importe máximo do recibo en 36,97 € segundo a disposición transitoria.

Se os consumos caen dentro do terceiro tramo de máis de 10 ata 20 m³/persoa/bimestre (que corresponde a cifras superiores a 166 litros/persoa/día) os recibos serán claramente superiores aos actuais. Corresponderían estes consumos a rego, lavado de vehículos, piscinas e outros.

--- Respecto da “ participación “ na tramitación deste texto normativo a que se alude no último parágrafo da alegación compre manifestar que este foi tramitado seguindo o procedemento legal e regulamentariamente establecido. Atendendo ao disposto na Lei 39/2015 o mesmo foi sometido a consulta previa establecida no seu artigo 133. En cumprimento do artigo 49 da LRBRL someteuse a exposición pública o acordo plenario de aprobación inicial durante o prazo de 30 días hábiles e restantes trámites esixidos no TRLRFL (artigo 20.6).

II.- A alegación formulada en documento nº200242222 en representación da Asociación Galega de Consumidores e Usuarios (ACOUGA) solicita a retirada do expediente da ordenanza en atención aos seguintes argumentos :

“A proposta municipal non tarifica por consumo, imputando na súa aplicación práctica ás cotas fixas o groso do importe da tarifa até de agora vixente. Velaí o incremento de máis do 270% nas cotas de aboamento para uso doméstico e de máis do 530% nos usuarios non domésticos.

Por outra banda, a parte variábel que habería de se axustar ao consumo doméstico non vai xerar modificacións no favor dos consumidores. Como di o Interventor Municipal no seu informe, non haberá nin diminución nin incremento substancial na recadación e si un sistema tarifario totalmente alleo ao uso do consumo como parámetro para determinar o custo, o que

desincentiva de vez o uso racional e sostíbel da auga como recurso limitado, vulnerando a letra e o espírito do Dereito Europeo (Directiva Europea da Auga) como do Dereito Galego (Plan hidrolóxico Galicia-Costa).”

---- Como primeira cuestión procede aclarar que o Informe da Intervención Xeral de data 20-08-2020 confirma a partir da documentación do expediente que a presente modificación non suporá incremento ou minoración no importe recadado pola prestación coa tarifa vixente, sendo o resto da frase “ sistema tarifario totalmente alleo ao uso do consumo como parámetro para determinar o custo ...” un pronunciamento da alegante.

Transcribimos literalmente do Informe da Intervención Xeral :

“ Consta nos informes incorporados pola Dirección de ingresos no expediente que o establecemento dunha tarifa alternativa, sen consumo mínimo exento, progresiva segundo tramos de consumo de auga, suporá a recuperación de idéntica cantidade de ingresos ou recuperación de custes que no ano 2019, se ben, en boa lóxica deberá resultar máis favorable que a vixente para os usuarios con pequeno consumo e máis desfavorable para usuarios con consumos elevados, contribuíndo deste xeito a cumprir os requisitos de “uso eficiente da auga”, “consumo responsable” e “equidade”.

Tendo en conta que o importe total dos ingresos realizados no exercicio 2019 (fonte: Dirección de ingresos), ascendeu a 39.942.309,22 euros, en principio, a modificación non suporá a priori un incremento ou minoración, cando menos significativos, no importe recadado pola prestación.”

Transcribimos tamén literalmente o apartado Conclusións do mesmo informe:

“En consecuencia, na medida na que a través do presente expediente trátase de adaptar as tarifas da Ordenanza reguladora das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais ao preceptuado na Lei 9/2019, de 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece no seu artigo 12 a necesidade de eliminar das tarifas de abastecemento de auga “mínimos exentos que desincentiven o “consumo responsable da auga”, esta Intervención entende que procede continuar coa tramitación do expediente 2689-500, informando favorablemente a proposta contida no mesmo”.

--- Respecto das consideracións formuladas ao redor das contías das cotas fixas e variables sirve como resposta o expresado respecto das reclamacións/ suxestións do primeiro grupo I cuxo contido será reproducido na notificación.

III.- A queixa formulada en documento nº200242408 expresa o seguinte :

“Esta comunicación é para expresar o meu desacordo coa nova modificación da ordenanza verbo da regulación relativa á subministración de auga potable, alcantarillado-rede de sumidoiros,saneamento e depuración de augas residuais,aprobada polo pleno do Concello de Vigo .Non é aceptable trasladar ás cotas fixas o que denantes se atribuía ao consumo mínimo de 30m³ bimestrais. Esta operación non suporá unha diminución significativa dos custes do servizo ,e de por parte manifesto o meu interese en que se considere a necesidade de remunicipalizar o servizo e depuración de auga en Vigo”.



Concello de Vigo

A desconformidade manifestada en torno ao importe das cotas fixas coincide con parte da argumentación das alegacións do grupo I, tamén a súa resposta, cuxo contido será reproducido na notificación.

IV.- En documento nº 200244057 a Asociación de Comerciantes de As Travesas (AETRAVI) formula cinco alegacións acompañadas dun informe pericial titulado “informe de alegacións a modificación de tarifas municipais-abastecimento y saneamiento municipal” ao que nos referiremos neste informe-proposta como “informe de alegacións” e unha serie de anexos con simulacións do impacto das tarifas nalgúns sectores de actividade económica.

Primeira alegación:

Afirmase que a tarifa proposta non atende aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade e transparencia e tampouco ao principio de recuperación de custes .

Fronte ao anterior debemos opoñer que a modificación aprobada inicialmente establece unha nova estrutura tarifaria na que se suprime o consumo mínimo exento, e se establece unha tarificación progresiva por tramos en función do consumo real desde o primeiro m³ consumido, de forma que se incentiva o consumo responsable de auga.

O deseño da tarifa atende á estrutura de custes do servizo. No “ciclo da auga” ten un peso moi superior o custe fixo (operación, mantemento e investimento en instalacións) ao custe variable (enerxía e tratamento no abastecemento e alcantarillado). No proceso de depuración, os custos fixos oscilan entre un 40% e un 60% do total; no caso dos procesos produtivos de abastecemento e alcantarillado os custos fixos superan o 80% dos custos totais.

Sirva de aproximación a isto a seguinte relación de tarefas fixas que se realizan na actualidade nestes dous servizos, extraída de informes da Area de Fomento do Concello:

Abastecemento: tarefas de explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras, revisión dos elementos da adución principal Eiras-O Casal, tarefas de operación da presa de Zamáns (auscultación, inspeccións de seguridade, operacións de explotación en situación ordinaria e vencelladas a situacións de emerxencia, tarefas de conservación e mantemento), tarefas de explotación en abastecemento (ETAPS do Casal e Valadares), tarefas de explotación en depósitos de abastecemento, estacións de bombeo de auga potable e rede de distribución de abastecemento, control da rede, mantemento preventivo e correctivo de tuberías.

Saneamento (Alcantarillado): operacións de bombeo de augas residuais en 30 estacións, tarefas de revisións periódicas en 29 tanques de tormenta, tarefas de mantemento correctivo da rede de alcantarillado así como mantemento preventivo e limpeza.

En definitiva, nas facturas vixentes inclúense, aínda que non explícitos, os custos fixos ademais dos variables correspondentes a un consumo de ata 30m³. Na próxima estrutura de tarifa fanse visibles os custos fixos a través das cotas fixas e responden ao consumo as cotas variables:

Cota fixa de abastecemento.

Cota fixa de alcantarillado.

Cota fixa de depuración.

Cota por m³ de consumo de abastecemento.
Cota por m³ de auga evacuada (alcantarillado).
Cota por m³ de auga depurada.

Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron 39.940.000 euros, no exercicio 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.

Fronte á crítica de que a nova estrutura non atende aos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable, equidade, transparencia e recuperación de custos, procede engadir o seguinte:

1º) Se por equidade máxima entendemos un reparto liñal do custe do servizo, a tarifa vixente é a máis equitativa posible, pero non atende aos principios de uso eficiente da auga e consumo responsable.

2º) Para cumprir un certo grao de “consumo responsable” cumpría deseñar unha tarifa na que os que consumen máis deban pagar máis que proporcionalmente. De forma que nos tramos superiores de consumo o prezo anime ao aforro do recurso. É o caso da tarifa aprobada inicialmente.

3º) O principio de “recuperación de custes” cúmprese exactamente no mesmo grao coa tarifa vixente que coa tarifa proposta, non se recupera o 100% do custe, quedando a cargo do orzamento do concello unha parte.

Este principio de “recuperación de custes”, compre poñelo en relación co principio de “uso eficiente da auga”, eficiencia imposible se as instalacións, conducións e infraestruturas dos servizos de abastecemento, alcantarillado e depuración non están en bo estado.

Ven a colación neste punto (xestión sostible no medio prazo) un dos obxectivos do desenvolvemento sostible (ODS) da axenda 2030 adoptada pola assemblea da ONU en setembro de 2015:

6- Garantir a dispoñibilidade e a “xestión sostible da auga e o saneamento para todos”.

Xa o tiña expresado anteriormente a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello (Directiva Marco da Auga) que prescribe unha recuperación total de todos os custos, incluídos os medioambientais, a través das tarifas de auga.

4º) A estrutura tarifaria é transparente ao distinguir tres servizos diferenciados asignando para cada un deles sendas cotas fixas e outras tantas variables.

Considérase unha boa práctica económica que as cotas fixas e variables dos servizos reflectan a estrutura de custos fixos e variables. Coa tarifa proposta as cotas fixas dos servizos de abastecemento e alcantarillado acadan un 73% dos ingresos a as cotas variables un 27%. No caso da depuración as cotas fixas acadan un 47% dos ingresos e as variables un 53%. A tarifa reflicte aproximadamente a estrutura de custos fixos/variables dos servizos considerados.

5º) En relación ao principio de equidade, este está presente na propia estrutura da tarifa ao establecelo esta en termos de consumo/persoa en lugar de consumo/vivenda. Tamén fixando prezos moi baixos para os primeiros 100 litros/persoa/día (18 m³/vivenda/bimestre ou con extensión de tramo se hai máis de tres persoas na vivenda). Tamén está aplicado o principio de equidade no artigo 10 da ordenanza que establece a novidade dunha cota reducida na contía do 50% das



Concello de Vigo

cotas fixas de servizo para persoas vulnerables economicamente (as que ata agora viñan resultando exentas de taxa de lixo vivenda). Por último, en aras do mesmo principio, establécese un prezo máximo na disposición transitoria aplicable a todas as vivendas nas que o consumo non exceda de 6m³/persoa/bimestre (100 litros/ persoa/día).

Segunda alegación:

Alégase que a estrutura da nova tarifa incumpre unha serie de orientacións da Comisión Europea relativas á correcta tarificación da auga (documento <https://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+REPORT+A5-2001-0341+0+DOC+XML+V0//ES>, punto 26):

Contribución á recuperación dos custos vencellados aos servizos da auga proporcionalmente á utilización desta polos distintos sectores económicos (familias, agricultura, industria). Esta orientación obriga a obter a través dos recibos da auga o custo total (todos os custos imputables), e debe entenderse de modo conxunto con outra das orientacións contidas no mesmo documento: o sistema de tarificación debe ser progresivo y garantir un mínimo necesario para manter o nivel de calidade de vida que poida ser pagado por todos os consumidores. A progresividade implica necesariamente un maior importe para aqueles usuarios con un maior consumo de auga.

Búsqueda e aplicación de incentivos para un uso sostible da auga, tales como tarifas que reflicten os custos do suministro e os custos ambientais ocasionados pola extracción e o uso. Como se indica no apartado 4º da resposta á primeira alegación, as tarifas aprobadas reflicten de forma aproximada a estrutura de custos fixos e variables dos servizos considerados.

O sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do " ciclo da auga". As cotas variables aprobadas son progresivas, tanto no caso de consumo doméstico, como non doméstico. Non existen tarifas diferenciadas en función do sector de actividade do usuario non doméstico, polos motivos que expoñeremos ao analizar a terceira alegación.

Necesidade de que o sistema sexa transparente para o consumidor/usuario. Remitímonos de novo ao apartado 4º da resposta á primeira alegación.

O sistema debe gravar os consumos e prácticas despilfarradoras e pouco eficientes. O efecto da nova tarifa non debe interpretarse como unha penalización aos usuarios non domésticos que, en razón da súa actividade, deben realizar un uso intensivo do recurso. A nova tarifa aplicarase de modo uniforme a todos os establecementos, afectando de forma equitativa a todos por igual. A progresividade da tarifa sí terá como efecto que aqueles establecementos de tales sectores, se existen, nos que o proceso produtivo utiliza a auga de xeito pouco eficiente, terían una desvantaxa comparativa fronte aos demais competidores que realizan unha xestión eficiente e que son a meirande parte. Deste modo, a nova tarifa gravaría as prácticas despilfarradoras e pouco eficientes no caso dos usuarios non domésticos.

Terceira alegación:

Alégase o incumprimento dos principios de igualdade, non discriminación, proporcionalidade, homoxeneidade e benestar social, en relación a dúas características da nova tarifa:

1º) Que exista unha tarifa distinta para usuarios domésticos e non domésticos.

2º) Que non prevea unha tarifa diferenciada para os pequenos comerciantes para cuxa actividade a auga constitúa unha materia prima ou un aprovisionamento fundamental.

Xustificaremos estas dúas características da tarifa aprobada .

-- Xustificación da existencia de tarifas domésticas e non domésticas.

A Directiva Marco da Auga, no seu artigo 9, establece que os sistemas tarifarios deberán garantir “*unha contribución axeitada dos diversos usos da auga, desglosados, polo menos, en industria, fogares e agricultura*”.

A existencia dunha tarifa doméstica non é unha novidade introducida pola modificación aprobada inicialmente o pasado 30 de setembro. Ademais é unha práctica xeneralizada nas últimas décadas en todas as tarifas vixentes en todo o ámbito estatal. O documento da Comisión europea <https://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+REPORT+A5-2001-0341+0+DOC+XML+V0//ES>, establece que “*o sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do ciclo da auga e garantindo, asimesmo, un mínimo esencial gratuito ou a baixo prezo para uso doméstico*”.

De acordo con esta orientación, a nova tarifa prevé un prezo inferior para usuarios domésticos, en comparación cos usuarios non domésticos. Existe unha razón para esta diferenza, sen que poida considerarse discriminación ou non homoxeneidade:

- O consumo doméstico ten un carácter finalista, destinándose a atender todas as necesidades de consumo humano, alimentación e hixiene, ademais doutros usos que non constitúen necesidades estritamente básicas, correspondentes a utilidades de carácter persoal e familiar do usuario. A nova tarifa toma en consideración o documento da Organización Mundial da Saúde, dispoñible en https://www.who.int/water_sanitation_health/diseases/wsh0302/es/, que determina que no suposto de “**agua abastecida de forma continuada a través de varias billas, o que constitúe un acceso óptimo ao recurso, unha cantidade promedio de 100 litros/persoa/día permite atender todas as necesidades de consumo e hixiene sen risco para a saúde**”. Con esta premisa establecimos o primeiro tramo de ata 6 m³/persoa/bimestre=6000 litros/persoa/60 días=100 litros/persoa/día. Como explicamos anteriormente, neste primeiro tramo as tarifas son moi baixas e aplícanse ata 18 m³ vivanda/bimestre, considerando de forma xeral que hai tres ocupantes en cada vivanda. Aos tramos seguintes, que corresponden probablemente a consumos motivados por necesidades extraordinarias en materia de hixiene ou limpeza, pola utilización de baño en lugar de ducha, instalacións sanitarias non eficientes, usos non eficientes de lavadoras, lavavaixelas, lavado de vehículos ou rego de xardíns, teñen contías suficientemente altas como para inducir comportamentos de aforro do recurso.

- O consumo non doméstico orixínase no desenvolvemento de actividades económicas, polo que resulta un medio para a produción de bens ou prestación de servizos a través dos que os titulares das actividades económicas obteñen os seus ingresos dos particulares.

-- Xustificación da non existencia dunha tarifa diferenciada para pequenas actividades económicas nas que a auga constitúe unha materia prima ou un aprovisionamento fundamental

O consumo non doméstico pode clasificarse como un uso xeral da auga (por exemplo, destinado aos aseos e á limpeza no caso de locais comerciais), ou ben, como factor de produción (sexa como materia prima ou como subministro auxiliar de especial relevancia).

A tarifa aprobada implicará unha redución do recibo para os usuarios non domésticos do primeiro tipo. O 10º anexo ao “informe de alegacións” relativo a comercio así o reflicte. Estimamos que unha gran parte dos usuarios non domésticos (uns 8.000) veránse beneficiados como resultado



Concello de Vigo

da aplicación da nova tarifa, incluíndose neste grupo a inmensa maioría de establecementos de comercio minorista, así como servizos sen uso intensivo de auga (xestorías, autoescolas, axencias de viaxes, oficinas en xeral...).

Os consumidores non domésticos que utilizan a auga como factor de produción ou como aprovisionamento fundamental, debido á natureza do seu proceso produtivo, presentan unha problemática distinta. Como se pon de manifesto no “informe de alegacións e nos seus anexos”, os seus recibos experimentarán un incremento relevante se non reducen o consumo de auga. Este efecto da nova tarifa, ou máis ben, o seu carácter discriminatorio ou contrario ao principio de equidade, constitúe o argumento central desta terceira alegación así como da cuarta.

A característica común dos usuarios non domésticos aos que se refire o “informe de alegacións” é que o subministro de auga representa un custo directo e variable da produción de bens e servizos. E dicir, o consumo efectivo varía en proporción aos bens ou servizos producidos.

A aplicación da tarifa aprobada inicialmente polo Pleno, ten en conta dous aspectos:

- A auga é unha materia prima cun coste económico. A súa xestión eficiente no proceso de produción de bens e servizos debe ser un obxectivo de todos os usuarios non domésticos.
- A auga é, ademais, un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal, segundo establece a Directiva Marco da Auga na súa Consideración primeira. Por este motivo a tarifa proposta ten un carácter progresivo, a diferenza doutras materias primas comerciais.

Os principios establecidos na Directiva Marco da Auga obrigan a que “*as políticas de prezos da auga proporcionen incentivos axeitados para que os usuarios utilicen de forma eficiente os recursos hídricos e, por tanto, contribúan aos obxectivos medioambientais*”. Do mesmo modo que o Concello, en tanto que administración pública titular do servizo do ciclo integral da auga, veuse na obriga de adecuar as tarifas a estes principios, os particulares, e especialmente os establecementos de sectores cun uso intensivo da auga, deberán axustar a súa análise da estrutura de custos variables, marxe bruta e ingresos, na parte en que resulten afectados pola nova tarifa. Estes sectores deben considerar a auga coma un custo variable relevante na estrutura de custos do establecemento, non como un custo fixo mensual similar ao aluguer do local.

O impacto nestes sectores da aplicación da nova tarifa presenta dúas dimensións fundamentais:

Primeiro: A tarifa aplícase a todos usuarios non domésticos por igual. O impacto é uniforme e non discriminatorio para todos os usuarios dentro de cada sector.

O principio de xeneralidade das normas fai preciso seguir esta orientación, posto que o tratamento singularizado pode xerar desigualdades de tratamento ou inequidades entre os distintos usuarios sen que exista unha sólida base para a súa existencia.

Segundo: O impacto nos recibos dos sectores máis intensivos en auga é limitado e non é previsible que afecte á demanda dos correspondentes produtos e servizos.

En relación con este segundo punto, tense realizado unha estimación do impacto típico do custo da auga na estrutura de custos das actividades analizadas no “informe de alegacións e nos seus anexos”, tomando os datos reais de consumo para 2019 e as contas anuais do mesmo exercicio determinando unha mostra de actividades para as que hai información dispoñible na base de datos Ardán. Os valores dos recibos da auga considerados nestas análises inclúen o IVE (polo que

as porcentaxes de impacto serán menores se o IVE resulta deducible para o empresario), e exclúen o canon da auga, que por tratarse dun tributo autonómico, non é unha componente das tarifas aprobadas.

Lavanderías:

Entre os sectores considerados no “informe de alegacións” este ten un consumo intensivo de auga polo que a nova tarifa terá incidencia nun maior custo daquela. O dato de consumo considerado no 9º anexo ao “informe de alegacións” de 290m³/bimestre é demasiado elevado, sendo moi superior á media de consumos en 2019 das 63 lavanderías analizadas (aquelas con datos para todo o ano e consumo total superior a 36 m³). Destas, menos da metade son lavanderías autoservizo. O establecemento de maior consumo ese ano acadou 242,33 m³/bimestre de media, cun pico máximo de 291m³ consumidos no bimestre xaneiro-febreiro de 2019. A media de consumo para os 63 locais foi de 90m³/bimestre.

Téñense analizado cinco dos establecementos con maior consumo de auga en 2019, e un sexto cun consumo cercano á media. Tres deles corresponden a unha mesma sociedade especializada en lavandería autoservizo, mentres que os outros tres establecementos son tinturerías-lavanderías:

- Para as lavanderías-tinturerías, o custo total da auga, que é a principal materia prima da actividade, conforme á nova tarifa, representa entre o 0,80% e o 4,66% dos gastos de explotación das empresas consideradas (un 2,66% de media). O impacto medio da subida é inferior ao 1%, exactamente o 0,67% dos ingresos netos.

- Para as lavanderías autoservizo consideradas, o custo da auga supón sobre os gastos de explotación un 9,84 %, e a subida do recibo implica un incremento do 2,81% dos gastos de explotación ou o equivalente ao 2,3% dos ingresos. A estrutura de custos que resulta do informe Ardan mostra uns custos variables por debaixo do 15% dos ingresos de explotación. A Revista Técnica para Tinturería e Lavandería (REVITEC) estima estes custos entre o 14% e o 20% para unha lavandería autoservizo. Se tomamos o dato máis extremo do 20%, resulta que a subida do custo da auga sería compensada cun incremento inferior ao 3% nos ingresos, que pode obterse mediante unha maior demanda do servizo. É razoable esperar que a nova tarifa doméstica incentive unha actitude xeral dos consumidores favorable ao aforro da auga, que poida redundar nun maior interese por actividades que realicen un uso eficiente, como as lavanderías autoservizo.

Perruquerías:

O consumo medio bimestral de auga das perruquerías de Vigo é de 26 m³, tomándose en consideración 400 establecementos con datos completos para 2019 e consumo superior a 6 m³ bimestre. O peso do novo recibo da auga na estrutura de custos é similar para 7 das 8 empresas analizadas, independentemente do seu maior ou menor consumo, variando nun rango entre o 0,4% e o 0,85% dos gastos totais de explotación.

Preséntase un alto grao de correlación entre o consumo de auga, os ingresos e os gastos de explotación; dito doutro xeito, a maior actividade e ingresos, maior consumo de auga. Unha das so-



Concello de Vigo

ciudades presenta un dato chamativo, xa que a auga representa o 2,57% do gasto de explotación, unhas 4 veces máis que a media dos restantes establecementos do sector. A nova tarifa progresiva grava máis aos consumos excesivos, en comparación coa media do sector, beneficiando os consumos responsables.

O impacto da nova tarifa variará en función do consumo total:

Para a metade das perruquerías, de menor consumo, a nova tarifa non representará unha subida no recibo, ou ben, nalgúns casos, conlevará un incremento de ata o 0,05% sobre os ingresos.

Para as perruquerías de maior e máis intensivo consumo de auga, a nova tarifa presenta un incremento do custo de ata o 0,2% dos ingresos.

En ambos casos, o impacto no sector é moi reducido.

Cafeterías e bares:

O consumo medio de auga das cafeterías e bares foi en 2019 de 49 m³ por bimestre, similar ao suposto de bares incluído no anexo ao “informe de alegacións” (43 m³). Menos do 4% das cafeterías e bares do municipio alcanzan o consumo estimado no outro suposto (141 m³). Análizáronse os datos dispoñibles de consumo e económicos de 12 bares e establecementos de restauración, dous deles con consumos de 138 e 144 m³ por bimestre, e o resto de entre 29 e 78 m³ por bimestre. O peso proporcional do custo da auga e do impacto da nova tarifa é similar en todos eles, independentemente do tamaño e consumo de auga de cada un deles.

O custo da auga coa nova tarifa representa entre un 0,08% e un 1,23% dos gastos de explotación declarados, sendo a media un 0,53%.

A variación do recibo implica unha subida de custo de entre un 0,02% e un 0,28% dos ingresos totais, sendo a media un 0,13%.

Do mesmo xeito que no caso das perruquerías, o impacto no sector é moi reducido.

Panaderías con obradoiro

O consumo medio das panaderías con obradoiro en 2019 foi de 55 m³ por bimestre, similar ao suposto de consumo alto incluído no anexo ao “informe de alegacións” (54 m³). Análizáronse os datos de 8 panaderías con consumos de auga en 2019 de entre 25 m³ e 64 m³. Do mesmo xeito que no caso dos bares e as cafeterías, o peso proporcional do custo da auga e do impacto da nova tarifa é similar en todos os establecementos, independentemente do tamaño e consumo de auga de cada un deles, existindo unha variabilidade aínda menor no presente sector das panaderías.

O custo da auga coa nova tarifa representa entre un 0,12% e un 0,53% dos gastos de explotación declarados, sendo a media un 0,37%.

A variación do recibo implica un incremento do custo de entre un 0,02% e un 0,12% dos ingresos totais, sendo a media un 0,08%.

De novo, o impacto relativo na estrutura de custos do sector é moi reducido.

Peixerías

Non dispoñemos de datos procedentes das contas anuais para ningunha peixería de Vigo. Dispoñemos dos datos de consumo de auga de 21 peixerías na cidade (xa que se exclúen todas aquelas que non teñen contador propio de auga, como é o caso das peixerías nos mercados de abastos). O consumo medio de auga para estes establecementos é de 22 m³, é dicir, menos da metade que a media de cafeterías e bares.

Se supoñemos uns ingresos brutos totais medios de 4.000 €/mes, o custo da auga coa nova tarifa representaría o 0,95% dos ingresos das peixerías. A nova tarifa conlevaría un incremento medio dun 0,11% dos ingresos brutos estimados.

O impacto na estrutura de custos do sector é moi reducido, dunha orde similar ao das panaderías, cafés e bares.

Mercados

O “informe de alegacións” presenta argumentos en relación cos mercados ou prazas de abastos. Estes establecementos contan cun só contador de auga para unha pluralidade de comerciantes, que realizan as súas vendas ou prestan os seus servizos no posto reservado para eles. Os mercados pagan unha soa cota fixa para o conxunto de comerciantes.

O exemplo que se nos proporciona no 7º anexo ao “informe de alegacións” (650 m³ por bimestre) é un caso real dun mercado que conta con 36 postos, polo que o importe total que correspondería a cada posto sería de 65,60 € por bimestre, inferior ao recibo medio que corresponde ás peixerías non establecidas en mercados (75,95 €). En todo caso, o impacto na estrutura de custos destes establecementos é moi reducido, similar ao considerado no punto anterior (peixerías).

En conclusión:

A repercusión estimada no prezo dos bens e servizos considerados resultaría mínima, non tendo impacto significativo nos sectores analizados.

Reiteramos ademais que os efectos derivados da aplicación da nova tarifa non teñen un carácter arbitrario, senón que se fundamentan no consumo efectivo do recurso e aplícanse de modo equitativo a todos os consumidores non domésticos. A tarifa aprobada resulta da aplicación do conxunto do artigo 9 da Directiva da Auga, a cuxo acomodo estamos obrigados non só os poderes públicos, senón tamén os consumidores ou usuarios deste recurso, ao que se refire do seguinte xeito o artigo 1 da citada Directiva “*A auga non é un ben comercial como os demais, senon un patrimonio que hai que protexer, defender e tratar como tal.*”

As tarifas pola prestación do servizo da auga aplicables nos 13 municipios -excluíndo a Vigo - de España con poboación igual ou superior a 275.000 habitantes non prevén tarifas especiais ou bonificacións en función do sector da actividade industrial ou comercial de que se trate.



Concello de Vigo

Cuarta alegación.

Faise referencia ao “informe de alegacións” no que se analiza o impacto económico da nova tarifa da auga sobre as lavanderías autoservizo, así como outros sectores (mercados, perruquerías, restaurantes, cafeterías e panaderías con obradoiro); realízase unha comparativa das tarifas da auga, entre a actual e a nova; reproducése a normativa de aplicación e por último formúlanse unha serie de conclusións.

En primeiro lugar, procederemos a analizar as afirmacións ou datos incluídos no devandito “informe de alegacións” para os que resulta necesario formular observacións ou respostas:

- *“Vigo é unha cidade cunha tarifa de auga e saneamento elevada en xeral, e particularmente se se compara con Madrid.” (2. Impacto sobre a actividade económica. páxina 2 do “informe de alegacións”)*

Como se mencionou anteriormente, a nova tarifa cumpre na mesma medida que a actual o “principio de recuperación de custo”, é dicir, non se recupera o 100% mediante a aplicación da mesma, quedando a cargo do orzamento do Concello unha parte. Se os usuarios no exercicio 2019 pagaron 39.940.000 euros, no exercicio de 2021 pagarán, no seu conxunto, a mesma cifra. A diferenza estará na contribución que realizarán os diferentes grupos de usuarios segundo o tramo de consumo no que estean situados.

As tarifas da auga dependen da estrutura de custos do servizo, e esta fundaméntase principalmente na cantidade de infraestruturas necesarias para a súa prestación e, consecuentemente, dos custes inherentes ao seu mantemento e renovación. Trátase de magnitudes que varían en gran medida dunha cidade a outra, en función de circunstancias particulares de cada localidade, que condicionan a tipoloxía das redes e instalacións de subministración, alcantarillado e depuración necesarias para a prestación do servizo.

Segundo un estudo da FACUA de 2017 (<https://www.ocu.org/alimentacion/agua/informe/el-precio-del-agua>) Vigo non figura entre as cidades con tarifa máis elevada de auga e saneamento, a pesar de que existen circunstancias particulares que presionan á alza os custos, moi particularmente a extraordinaria capilaridade das redes de abastecemento e alcantarillado, debido á elevada porcentaxe de vivendas unifamiliares e á dispersión da poboación do municipio, así como aos pronunciados desniveis que deben salvar as redes en amplas zonas da cidade, o que fai necesario gran cantidade de sistemas de bombeo.

A elevada lonxitude das redes é un elemento fundamental para esta análise. Vigo conta cunha rede de abastecemento de 1.019,58 km e cunha rede de alcantarillado de 1.117,69 km. A lonxitude de rede por vivenda é de 7,14 metros, no caso do abastecemento, e de 8,30 metros, no caso do alcantarillado. Estes datos son os oficiais declarados ao Ministerio de Facenda e publicados no Coste Efectivo de los Servicios de las Entidades Locales (CESEL).

No caso de Madrid, o servizo de abastecemento e saneamento de auga é prestado pola empresa pública Canal de Isabel II, S.A., participada integramente pola Comunidade de Madrid e por 111 concellos de Madrid, incluída a capital. O CESEL non proporciona datos sobre a lonxitude das redes de abastecemento e alcantarillado, nin sobre o número de vivendas servidas, para o concello de Madrid capital, polo que para esta análise empregaremos os datos que figuran na páxina 17 do Informe Anual de Sostenibilidade 2019 do Canal de Isabel II: 17.651 km de redes de abastecemento, que serven a unha poboación de 6,45 millóns; e 14.441 km de redes de saneamento, que serven a unha poboación de 5,68 millóns.

O cálculo de metros de rede por persoa para os municipios servidos polo Canal de Isabel II, en comparación cos de Vigo (para o cal dividimos a lonxitude das redes entre a poboación de dereito de Vigo a 1 de xaneiro de 2020, 296.692 persoas), proporciona os seguintes datos:

Abastecemento (metros por persoa): Vigo 3,44 - Madrid 2,74
Alcantarillado (metros por persoa): Vigo 3,77 - Madrid 2,54

A lonxitude por habitante de redes de abastecemento e alcantarillado en Vigo supera substancialmente á de Madrid. A xestión da auga en Madrid beneficiase ademais das economías de escala derivadas de atender a unha poboación de 6 millóns de persoas concentradas nun territorio pequeno.

Se comparamos cunha cidade con dimensións máis próximas ás de Vigo, as diferencias de custe das infraestruturas agrávanse. Segundo os datos de CESEL para o concello de A Coruña, a lonxitude das redes de abastecemento e saneamento é de 566,46 km e 625,70 km, respectivamente, fronte a 1.019,58 km e 1.117,69 km de Vigo. A lonxitude por vivenda compárase do seguinte modo:

Abastecemento (metros por vivenda): Vigo 7,14 - A Coruña 3,71
Alcantarillado (metros por vivenda): Vigo 8,30 - A Coruña 4,16

A lonxitude das redes por vivenda en Vigo case dobra á de A Coruña.

A comparativa da lonxitude das redes por habitante, tendo en conta a poboación de dereito de A Coruña de 247.604 habitantes a 1 de xaneiro de 2020, arroxa os seguintes resultados:

Abastecemento (metros por persoa): Vigo 3,44 - A Coruña 2,29
Alcantarillado (metros por persoa): Vigo 3,77 - A Coruña 2,53

Debemos concluír que non resultan comparables as tarifas de dúas cidades se non se inclúen na comparación os custos da prestación do servizo tanto os de operación, como mantemento e renovación de infraestruturas. Habería que relacionar a tarifa coa dimensión do territorio e da poboación.

- A tarifa penaliza aos empresarios , en particular a lavanderías autoservizo por considerar ao seu consumo como “derroche”. (2. Impacto sobre a actividade económica. páxina 2 do “informe de alegacións”)

Remitímonos ao exposto no segundo punto da resposta á terceira alegación .

- Impacto do covid sobre as lavanderías autoservizo. (2. Impacto sobre a actividade económica. Páxina 4 do “informe de alegacións”)

A estrutura tarifaria foi deseñada cunha visión a longo prazo e non contempla axustes a curto prazo derivados de situacións conxunturais de crise. Neste contexto establécese unha disposición transitoria segunda no texto da ordenanza que reduce considerablemente a tarifa variable para usuarios non domésticos aprobada en sesión de 30.09.2020.

- Comparativa de custos 2020-2021. (3. Impacto sobre a actividade económica. Páxinas 6 a 8 do “informe de alegacións”)



Concello de Vigo

Analízase o incremento dos custos fixos na nova tarifa. A comparativa realizada non é consistente, xa que coa tarifa vixente, na cifra fixa de 35,79 € está incluído o financiamento dos custos fixos do servizo. Esta afirmación coincide cunha das conclusións do **Informe elaborado pola Universidade de Vigo respecto dá Tarificación da auga neste Concello (ano 2014): "O consumo mínimo exento resulta un concepto equívoco que fai pensar que se paga por un nivel de servizo maior do que se utiliza, cando realmente o que se está pagando é o financiamento dos custos totais da prestación do servizo, que en boa medida son custos fixos"**.

A nova tarifa modifica a estrutura dos cargos atendendo ao consumo efectivo de auga, pero non a estrutura de custos do servizo, que, como se indicou ao analizar a primeira alegación, no ciclo da auga o custo fixo é moi superior ao custo variable.

- *Comparativa cota de saneamento e depuración, para 100 m³ (consumo non doméstico)(3. Impacto sobre a actividade económica. Páxinas 7 e 8 do "informe de alegacións")*

Os cálculos realizados polo alegante son **erróneos**, xa que multiplican 100 pola tarifa aplicable para o centésimo m³ consumido, en lugar de aplicar as correspondentes a cada un dos tramos. Para 100 m³, o importe total correspondente a alcantarillado é de 58,13 €, e para depuración 71,19 €. O importe por ambos conceptos é de 129,32 €. Estes importes resultan de realizar as seguintes operacións:

Alcantarillado: $18 \text{ m}^3 \times 0,05 \text{ €/m}^3 + 12 \text{ m}^3 \times 0,3137 \text{ €/m}^3 + 30 \text{ m}^3 \times 0,6828 \text{ €/m}^3 + 40 \text{ m}^3 \times 0,8246 \text{ €/m}^3$.

Depuración: $18 \text{ m}^3 \times 0,0524 \text{ €/m}^3 + 12 \text{ m}^3 \times 0,5156 \text{ €/m}^3 + 30 \text{ m}^3 \times 0,8402 \text{ €/m}^3 + 40 \text{ m}^3 \times 0,9713 \text{ €/m}^3$

En consecuencia, para un recibo non doméstico de 100 m³, o consumidor pagará un total de 129,32 € por cotas variables de alcantarillado e depuración, un equivalente a 129,32 € / 100 = 1,2932 € por cada metro cúbico consumido, e non 1,80 € por m³ como se destacaba no informe de alegacións.

- *As normativas relacionadas no apartado anterior, fan referencia a consumos responsables, redución de consumos innecesarios, redución da contaminación e verquidos inxustificados ou incontrolados. Existen, por tanto, outras variables e considerandos que non se están aplicando nesta nova tarificación municipal, a efectos de poder ser revisada ou bonificados os importes, segundo a tipoloxía da actividade, a carga contaminante, ou a súa eficiencia probada. (5. Conclusións páxina 15 do "informe de alegacións" recollido na páxina 9 do escrito de alegacións).*

- *Afirmase, a continuación que "a tarifa proposta non cumpre co principio de equidade nin recuperación de custos, posto que penaliza a un empresario que reduce os consumos e verquidos, fronte a un particular que se ve bonificado ..." (páxina 9 do escrito de alegacións).*

Remítmonos ao apartado segundo da resposta á alegación terceira, no que se xustifica a existencia dunha tarifa doméstica separada, que protexa o uso para as necesidades humanas básicas de consumo, alimentación e hixiene/limpeza. No "informe de alegacións" non se ten en conta o impacto que a nova tarifa doméstica pode ter no comportamento ou na actitude xeral dos con-

sumidores cara ao aforro da auga. É razoable esperar que, en conxunto, a nova tarifa redunde nun maior interese polas actividades que realizan un uso eficiente da auga.

- A nova tarifa prevé tramos progresivos, polo que se penaliza ás empresas con maior columna de traballo. (5. Conclusións páxina 16 do “informe de alegacións”).

Esta crítica contradí á formulada na quinta alegación, na que se afirma que non se aplica suficientemente o criterio de progresividade por escalas, xa que os grandes consumidores entran dentro do mesmo grupo de cotas que pymes de consumos moderados. Ambas críticas son incompatibles. A amplitude dos tramos é similar á aplicada na tarifa actual. O seu deseño atende ao cumprimento dos principios tarifarios aos que nos referimos ao analizar a primeira alegación.

A **cuarta alegación** parte das conclusións do “informe de alegacións” e propón a elaboración de módulos de consumo de auga aplicables a lavanderías, mercados, cafeterías, restaurantes e perruquerías, mediante os que se definirían uns “consumos potenciais” diferentes para cada un dos sectores, é dicir, establecer unha tarifa diferente para cada actividade. Resultaría moi discutible o nivel de consumo de auga imprescindible para cada actividade. O principio de xeneralidade da norma impide un tratamento diferenciado sector a sector.

Debemos neste punto reiterar argumentos que se foron expoñendo ao longo deste informe-proposta, que reafirman o cumprimento dos principios de uso eficiente da auga, consumo responsable e equidade na tarifa aprobada inicialmente en sesión plenaria de 30 de setembro de 2020:

1. A nova tarifa non debe interpretarse como unha penalización aos consumidores non domésticos que, en razón da súa actividade, deben realizar un uso intensivo do recurso. A nova tarifa aplicarase de modo uniforme a todos os establecementos, polo que no interior de cada sector non causará unha ventaxa ou desvantaxa relativa, afectando de forma equitativa a todos por igual. A progresividade da tarifa si terá como efecto que aqueles establecementos de tales sectores, se existen, cuxo proceso produtivo utiliza a auga de modo pouco eficiente, presentarán unha desvantaxa comparativa fronte aos demais competidores que realizan unha xestión eficiente e que son a maioría, resultando estes últimos beneficiados.

2. O maior custo establecido para maiores consumos de auga fundaméntase no principio establecido na Directiva Marco da Auga segundo o que *“o sistema de tarificación debe ser progresivo, garantindo que canto maior sexa o consumo, maior será a contribución aos custos do ciclo da auga”*.

Quinta alegación .

Achega, como ilustración do impacto económico da nova tarifa, anexos ao “informe de alegacións” nos que se realiza a comparativa de custos entre a tarifa en vigor e a nova tarifa, para as actividades consideradas. Os cálculos realizados son correctos, coa mención, xa apuntada con motivo da resposta á terceira alegación, de que o consumo considerado de 290 m³ por bimestre para unha lavandería autoservizo é extremadamente elevado.

Reitérase a idea de que se penaliza ao empresario, xa respondida esta cuestión na terceira alegación. Reitérase a aplicación insuficiente do criterio de progresividade, cuestión contradictoria coa demanda formulada na cuarta alegación e cuxa resposta reiteramos no sentido de que a amplitude dos tramos coincide coa da tarifa vixente. Por último, conclúese botando en falta a aplicación de bonificacións nos casos en que a auga é necesaria para a actividade de que se tra-



Concello de Vigo

te, nos casos de eficiencia de uso ou de redución de consumos particulares aos que substitúe, cuestións todas elas tratadas con anterioridade.

V.- En documento nº 200244878, a Comunidade de Propietarios San Martín de Coia solicita "á vista da nova ordenanza da auga, e ao atoparse nun suposto non contemplado na devandita ordenanza (neste caso, comunidade de propietarios con contador único para 60 vivendas e auga quente) solicita que se aclare por parte do Concello a forma de cobranza no seu caso do devandito contador único."

Neste suposto resulta de aplicación o artigo 5.I da ordenanza respecto das cotas fixas: unha cota fixa de servizo de subministración, alcantarillado e depuración por cada usuario. Non presente caso son 60 usuarios correspondendo 60 cotas fixas.

Respecto das cotas variables ou de consumo, resulta de aplicación o disposto no artigo 5.H)1 :

1. Como norma xeral aplicarase a tarifa do primeiro tramo aos primeiros 18 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do segundo tramo aos seguintes 12 m³ de consumo ao bimestre, a tarifa do terceiro tramo aos seguintes 30 m³ de consumo ao bimestre, e a tarifa do último tramo ao consumo que exceda estas cantidades.

Aplicado ao caso concreto de 60 vivendas resultaría que os primeiros 1.080 m³ de cada recibo (60 vivendas x 18m³ /bimestre = 1.080 m³ / bimestre) facturaránse coa tarifa variable do primeiro tramo, os seguintes 720m³ (60vivendas x 12 m³/bimestre =720 m³/ bimestre) facturaránse coa tarifa variable do segundo tramo, os seguintes 1800 m³ (60 vivendas x 30m³ /bimestre = 1.800 m³/ bimestre) facturaránse coa tarifa variable do terceiro tramo e se o consumo excedera destas cifras, aplicaríase ao resto a tarifa variable do último tramo.

Como resultado da aplicación da nova tarifa, o recibo para este suposto baixará respecto da vivente sempre que o consumo bimensual sexa inferior a 1.070 m³/bimestre.

VI.- En documento nº200253350 preséntase con data 30-11-2020 alegación con idéntico contido que as do primeiro grupo I que constan neste informe-proposta. Procede a súa inadmisión por extemporaneidade, ao ter rematado o prazo de exposición pública o 18 de novembro de 2020.

A vista do anterior, propónse ao Excmo Concello Pleno, previo coñecemento pola Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo :

Primeiro.- Inadmitir por extemporaneidade a reclamación presentada en documento nº 200253350.

Segundo.- Desestimar as demais reclamacións presentadas polos motivos expostos no informe-proposta que antecede, agás a alegación relativa ao impacto na demanda consecuencia da pandemia covid-19 nas actividades económicas (documento nº 200244047), que se estima en parte establecéndose de forma transitoria unhas tarifas variables reducidas para usuarios non domésticos que figuran nunha disposición transitoria segunda, no texto da ordenanza.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de subministración de auga potable, alcantarillado-rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais (60) nos mesmos termos que o texto aprobado en sesión plenaria de 30 de setembro 2020 agás o seguinte:

a) A *DISPOSICIÓN TRANSITORIA* pasará a ser *DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA*.

b) Engádese unha *DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA* do seguinte tenor literal:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA

A fin de atender á situación de diminución de demanda nas actividades económicas por motivo da pandemia covid 19 establécense ata que esta ordenanza resulte modificada, as tarifas variables seguintes para usuarios non domésticos:

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN / ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE PARA USO NON DOMÉSTICO.

| | |
|--|-------------------------------|
| <i>De 0 a 18 m³</i> | <i>0,0700 €/m³</i> |
| <i>Máis de 18 a 30 m³</i> | <i>0,0800 €/m³</i> |
| <i>Máis de 30 a 50 m³</i> | <i>0,7994 €/m³</i> |
| <i>Máis de 50 a 70 m³</i> | <i>0,8190 €/m³</i> |
| <i>Máis de 70 a 200 m³</i> | <i>1,1653 €/m³</i> |
| <i>Máis de 200 a 500 m³</i> | <i>1,2484 €/m³</i> |
| <i>Máis de 500 m³</i> | <i>1,4943 €/m³</i> |

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO E SUMIDOIROS PARA USO NON DOMÉSTICO .

| | |
|--|-------------------------------|
| <i>De 0 a 18 m³</i> | <i>0,0500 €/m³</i> |
| <i>Máis de 18 a 30 m³</i> | <i>0,0636 €/m³</i> |
| <i>Máis de 30 a 50 m³</i> | <i>0,5751 €/m³</i> |
| <i>Máis de 50 a 70 m³</i> | <i>0,5893 €/m³</i> |
| <i>Máis de 70 a 200 m³</i> | <i>0,6686 €/m³</i> |
| <i>Máis de 200 a 500 m³</i> | <i>0,7163 €/m³</i> |
| <i>Máis de 500 m³</i> | <i>0,8573 €/m³</i> |

COTA VARIABLE DO SERVIZO DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS PARA USO NON DOMÉSTICO .

| | |
|--|-------------------------------|
| <i>De 0 a 18 m³</i> | <i>0,0524 €/m³</i> |
| <i>Máis de 18 a 30 m³</i> | <i>0,1045 €/m³</i> |
| <i>Máis de 30 a 50 m³</i> | <i>0,7077 €/m³</i> |
| <i>Máis de 50 a 70 m³</i> | <i>0,7251 €/m³</i> |
| <i>Máis de 70 a 200 m³</i> | <i>0,7710 €/m³</i> |
| <i>Máis de 200 a 500 m³</i> | <i>0,8259 €/m³</i> |
| <i>Máis de 500 m³</i> | <i>0,9886 €/m³</i> |

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(86).-ACEPTACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA Á SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. EXPTE. 17198/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 01/02/21, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19) e polo concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

Con data 18/08/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación co procedemento de “**OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. ANO 2020. EXPTE. 17040/77**” outorgar á Federación de Asociacións de familiares de enfermos mentais de Galicia - Feafes (CIF: G15545353) unha subvención por importe total de **4.892,17 €**:

| PROGRAMA | PUNTOS | ORZAMENTO | SUBVENCIÓN |
|---|--------|-------------|-------------|
| PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAS) | 16,75 | 4.892,17 €: | 4.892,17 €: |

Con data 21/08/2020, a Federación de Asociacións de familiares de enfermos mentais de Galicia - Feafes (CIF: G15545353), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega a comunicación da renuncia á subvención concedida (número documento: 200150935) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, no ano 2020.

Conforme ao establecido na Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria da subvención “**Dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcrito o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada**” [...]

Ademais e segundo o disposto no apartado 13 da Base Décimo Segunda “*A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluído o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego, e Participación Cidadá, no vindeiro exercicio orzamentario*”

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas nos Decretos de Delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**:

PRIMEIRO: ACEPTAR A RENUNCIA presentada pola Federación de Asociacións de familiares de enfermos mentais de Galicia - Feafes (CIF: G15545353), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local con data 18/08/2020, ao abeiro da convocatoria das “Subvencións para o fo-

mento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, ano 2020”, dentro do **Programa II. Entidades Sociais e Asistenciais**, por un importe **4.892,17 €**.

SEGUNDO: NOTIFICAR o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(87).-DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE IGUALDADE, NO MES DE XANEIRO DO ANO 2021.EXPTE. 10671/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 02/02/21, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de xaneiro do ano 2021.

| Expte. | Tipo | Asunto | Adxudicataria | Aplicación orzamentaria | Data Decreto | Importe |
|-----------|-------|--|---------------------|-------------------------|--------------|------------|
| 10596-224 | CMS R | Traballos de limpeza e poda de árbores nos xardíns do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero | Ariveiros Adoa S L | 23112100000 | 18/01/2021 | 1.657,70 € |
| 10644-224 | CMS R | Servizo de megafonía necesario para as concentracións a prol da igualdade e en repulsa da violencia de xénero que se realizan na cidade durante o ano 2021 | Inmovisual Vigo S L | 23112279906 | 20/01/2021 | 1.422,96 € |



Concello de Vigo

| | | | | | | |
|-----------|-------|--|---------------------------|-------------|------------|------------|
| 10653-224 | CMS R | Montaxe e desmontaxe exposición itinerante "A violencia sexual na xuventude. Infórmate", ofertada pola Concellería de Igualdade aos centros de ensino secundario | Ana María Costas Carbajal | 23112279906 | 18/01/2021 | 1.452,00 € |
| 10641-224 | CMS U | Adquisición de subministros de alimentación, hixiene persoal e produtos de limpeza, necesarios para as persoas acollidas nas vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero | Pontevicus S L | 23112219900 | 08/01/2021 | 5.000,00 € |

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(88).- CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A INSTALACIÓN DUN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN SOTERRADO PREFABRICADO 2L1P DE 630KVA NA PARCELA MUNICIPAL SITA NA RÚA TOURAL DE ABAIXO (TEIS). EXPTE. 13898/446.

A Xunta de Goberno local retira este expediente da orde do día.

11(89).- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERROS NAS BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DAS OEP ANOS 2017-2018-2019 (2ª FASE DA CONVOCATORIA). EXPTE. 36915/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/02/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 05 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019, (cuxas Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020–BOPPO nº 128 de 07/07/2020 -), na 2ª fase: Enxeñeiro/a de Camiños Canais e Portos, Enxeñeiro/a Industrial, Enxeñeiro/a técnico industrial e Técnico/a de Administración Xeral, nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa, de conformidade coas bases das convocatorias respectivas.

SEGUNDO.- Aprobar as bases específicas correspondentes as prazas e postos que configurarán a 2ª fase de esta Oferta Pública de Emprego que se relacionan a continuación: Enxeñeiro/a de Caminos Canais e Portos, Enxeñeiro/a Industrial, Enxeñeiro/a técnico industrial e Técnico/a de Administración Xeral.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

(...)

2.—ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A INDUSTRIAL

I.—NÚMERO DE PRAZAS: 1

II.—CARACTERÍSTICAS DA PRAZA:

(...)

4.—TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (RAMA XURÍDICA)

VIII.—PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A QUENDA LIBRE.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO A1, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Segunda parte: dereito administrativo local e acción administrativa.

Tema 20. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

(...)

IX.—PROGRAMA ESPECÍFICO PARA A PROMOCIÓN INTERNA.

PRIMEIRA PARTE: DEREITO POLÍTICO, CONSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO XERAL.

Tema 36. A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.”

II.- Con data 16/12/2020, a Sra. Leirecha Amado, solicita que a Administración competente se pronuncie sobre a procedencia ou improcedencia do Tema 20 da convocatoria (Técnico/a de Administración Xeral -Rama Xurídica-, quenda libre) e de ser o caso se proceda a súa modificación ou anulación.

III.- Con data 21/12/2020, a Sra. Pereira Hermida, presenta escrito no que se indica que o acordo da Xunta de Goberno Local debería incluír dúas prazas de Enxeñeiro/a técnico industrial en relación coa OEP do ano 2017 e a OEP do ano 2018, solicitando a revisión do devandito acordo así como a oportuna notificación ao respecto.

IV.- Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, adoptou o acordo de aprobación da OEP 2017 -expte 29567/220- (publicacións oficiais no BOP de data 29/12/2017 e rectificacións no BOP 26/04/2018 e 14/08/2019 e DOG 21/06/2018 e 12/09/2019), figurando entre outras: “Praza: Enxeñeiro/a técnico industrial, Quenda: turno libre, Tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira, Número de prazas ofertadas: 1.”

V.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23/11/2018, aprobou a OEP municipal para o ano 2018 -expte 31180/220- (publicacións oficiais no BOP do 26/11/2018 e no DOG 25/01/2019), figurando entre outras: “Praza: Enxeñeiro/a técnico industrial, Quenda: turno libre, Tipo de vínculo xurídico: funcionario de carreira, Número de prazas ofertadas: 1.”



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Detectados a instancia de parte erros no acordo da Xunta de Goberno de data 05/12/2020, tal e como se indica nos antecedentes II e III de este informe, e conforme a OEP 2017, a OEP 2018 e a lexislación vixente en materia de protección de datos, procede:

- Rectificar o punto 3 das Bases Específicas (Enxeñeiro/a técnico/a industrial): onde consta “número de prazas: 1” debe figurar “número de prazas: 2”.

- Rectificar o tema 20 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda libre) e o tema 36 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda promoción interna) das Bases Específicas: onde consta “A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento”, debe constar “A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.”

En consecuencia, e o abeiro das competencias que ostenta a Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal, por delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, pola presente elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO.- Rectificar, en base ao informe que antecede, os erros detectados a instancia de parte, no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 05/11/2020, Bases Xerais e Específicas reguladoras da convocatoria de procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas nas ofertas de emprego público dos anos 2017, 2018, e 2019 (2ª Fase da Convocatoria)-expte 36498-220, debendo figurar:

- No punto 3 das Bases Específicas (Enxeñeiro/a técnico/a industrial): onde consta “número de prazas: 1” debe figurar “número de prazas: 2”.

- No tema 20 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda libre) e o tema 36 (Técnico/a de Administración xeral -rama xurídica-, quenda promoción interna) das Bases Específicas: onde consta “A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento”, debe constar “A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.”

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda e na páxina web municipal www.vigo.org”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(90).- NOMEAMENTO INTERINO DUN AUXILIAR ADMINISTRATIVO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 36913/220.

Visto o informe de fiscalización 02/02/21, dáse conta do informe-proposta do 01/01/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Titular de Asesoría Xurídica, coa conformidade da Concelleira delegada de Xestión Municipal, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de un/unha auxiliar de administración xeral por un período de seis meses, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas, e co fin de reducir o exceso de traballo da abundante xestión documental que caracteriza a actividade deste departamento agravada polos meses de baixas da metade dos recursos da oficina e polo remate do programa, resulta imprescindible proceder ao nomeamento dun auxiliar administrativo para a súa incorporación cando menos para o 1 de febreiro de 2020.

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 18/01/2021, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local, de nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha auxiliar de administración xeral, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses.



Concello de Vigo

III.- Con data de sinatura electrónica, emítase informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer*

grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.138 auxiliares de administración xeral), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce



Concello de Vigo

meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Titular da Asesoría Xurídica, coa conformidade da Concelleira delegada de Xestión Municipal, así como na orden de incoación do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de

maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses dun/dunha auxiliar de administración xeral para a Asesoría Xurídica Municipal:

| Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021 | | Periodo - (01-02/2021 a 31/07-2021)- 1 POSTO – 6 meses |
|--|--------------------|---|
| Retribucións totais (1 posto) | 24.301,16 € | 12.150,58 € |
| Seguridade Social (1 posto) | 7.822,74 € | 3.911,37 € |
| Total | 32.123,90 € | 16.061,95 € |

Igualmente se fai constar que : “O custo do referido nomeamento imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do presente exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.”

V. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

“Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar administrativo/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como auxiliar administrativo/a, a A Gutierrez Velo co dni ***583106, conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando



Concello de Vigo

neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como auxiliar administrativo/a ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades da Asesoría Xurídica, contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de **12.150,58 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.911,37 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **16.061,95 €**.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como auxiliar administrativo/a a *A Gutierrez Velo co dni ***5831*** na súa condición de seguinte aspirante nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138 auxiliares de administración xeral), sendo adscritos/as á Asesoría Xurídica, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, á Titular da Asesoría Xurídica, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(91).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPTE. 36953/220 DE PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 37060/220.

Dáse conta do informe-proposta do 04/01/21, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de xaneiro de 2021, acordou a proposta de nomeamento como funcionario de carreira na praza de policía local correspondente á oferta de emprego público 2010-2011 dun funcionario en prácticas, que publicouse no Diario Oficial de Galicia nº22 de data 3 de febreiro de 2021 (expdte.- 36953/220).

No apartado primeiro da proposta establecíase “Nomear **funcionario de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011, ao funcionario en prácticas, **D. M.L. Cabaleiro Regueiro, con DNI ***2935****, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 13 de febreiro de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-práctico previsto nas bases da convocatoria”.

Detectado erro material nos datos persoais do funcionario en prácticas proposto para o seu nomeamento como funcionario de carreira, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos,



Concello de Vigo

debe procederse á corrección do dito erro. Deste xeito, deberá contar coa seguinte redacción: “Nomear **funcionario de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011, ao funcionario en prácticas, **D. M.L. Cabaleiro Guerreiro, con DNI ***9050****, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 13 de febreiro de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria.”

En consecuencia, á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“**Primeiro.**- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado do apartado primeiro da proposta de acordo de data 13/01/2021 e consecuentemente do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/01/2021 de proposta de nomeamento dun funcionario de carreira como policía local, de xeito que onde dí:

“Nomear **funcionario de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011, ao funcionario en prácticas, **D. M.L. Cabaleiro Regueiro, con DNI ***2935****, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 13 de febreiro de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria”, debe dicir:

“Nomear **funcionario de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2010-2011, ao funcionario en prácticas, **D. M.L. Cabaleiro Guerreiro, con DNI ***9050****, nomeado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria, de data 13 de febreiro de 2020, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria.”

Segundo.- Acordar que a referida rectificación se publique no Diario Oficial de Galicia”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(92).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTOS COMO FUNCIONARIOS/AS INTERINOS/AS COMO DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL. EXPTE. 37076/220.

Dáse conta do informe-proposta do 04/01/21, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 30 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego na categoría de Diplomado/a en Traballo Social, expte. 36035/220, que publicáronse no BOP de Pontevedra nº 172 de data 7 de setembro de 2020.

II.- Por Resolución da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía Seguridade e Organización Municipal de data 30/11/2020, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as correspondente á referida Bolsa, órgano de selección, así como do lugar e data do primeiro exercicio do proceso selectivo, expte. 36374/220.

III.- Por Resolución da concelleira-delegada de Organización Municipal de 07/12/2020 resolverse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as correspondente á Bolsa de Emprego para nomeamentos interinos de Diplomado/a en Traballo Social de conformidade co artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, órgano de selección, lugar e da data do primeiro exercicio do proceso selectivo.

Rematado o mesmo, consta na correspondente acta do Órgano de Selección de data 29/01/2021 a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|----|--------------------|---------------|-----------|--------------|--------------|--------|--------|
| 1 | ELVIRA MUÑIZ | TERESA | ***6206** | 9,375 | 9,125 | 2 | 20,500 |
| 2 | MARTINEZ MAJOLERO | MARTA | ***5119** | 9,012 | 8,437 | 2 | 19,449 |
| 3 | RIAL MARTINEZ | JORGE | ***7775** | 8,812 | 8,250 | 2 | 19,062 |
| 4 | DIAZ-AGERO NODAR | LUCIA | ***1964** | 7,750 | 8,712 | 2 | 18,462 |
| 5 | IGLESIAS MARTINEZ | CRISTINA | ***3538** | 7,875 | 8,312 | 1,64 | 17,827 |
| 6 | MILETI RODRIGUEZ | EUGENIA | ***5225** | 7,062 | 7,475 | 2 | 16,537 |
| 7 | SOUTO TABOADA | MARIA JULIA | ***8210** | 7,687 | 6,787 | 2 | 16,474 |
| 8 | GONZALEZ LAGO | LUCIA | ***6068** | 7,250 | 6,687 | 2 | 15,937 |
| 9 | BOUZON VILA | TAMARA | ***6279** | 6,625 | 6,975 | 2 | 15,600 |
| 10 | MALVIDO RODRIGUEZ | MARIA AZUCENA | ***3957** | 5,000 | 8,650 | 1,76 | 15,410 |
| 11 | ALONSO GONZALEZ | LAURA | ***8161** | 7,125 | 5,487 | 2 | 14,612 |
| 12 | RODRIGUEZ GONZALEZ | ANA | ***8934** | 5,125 | 8,550 | 0,91 | 14,585 |
| 13 | ARAUJO MONTENEGRO | NURIA | ***0545** | 6,837 | 5,650 | 2 | 14,487 |
| 14 | PENAS MORALES | LUCIA | ***6338** | 6,250 | 6,175 | 2 | 14,425 |
| 15 | MEDINA FERNANDEZ | CRISTINA | ***8664** | 6,562 | 5,662 | 2 | 14,224 |
| 16 | DECABO QUINTELA | EVA | ***9898** | 5,187 | 5,312 | 2 | 12,499 |
| 17 | GOMEZ RIVERA | MARIA TERESA | ***7936** | 5,000 | 5,725 | 2 | 12,125 |
| 18 | GUDE FERREIRO | CARMEN | ***3198** | 5,000 | 5,125 | 2 | 12,125 |
| 19 | RIAL CASAL | SILVIA | ***5733** | 5,312 | 5,000 | 1,81 | 12,122 |



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, faríase pública a relación de aspirantes que formarían parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarían parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida), aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e normativa de concordante aplicación.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, resolveu declarar que os/as aspirantes que superaron tódalas probas de que constaba este proceso selectivo convocado e que, por tanto, formarían parte da bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 30 de xullo de 2020, son os que se sinalan a continuación:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|----|--------------------|---------------|-----------|--------------|--------------|--------|--------|
| 1 | ELVIRA MUÑIZ | TERESA | ***6206** | 9,375 | 9,125 | 2 | 20,500 |
| 2 | MARTINEZ MAJOLERO | MARTA | ***5119** | 9,012 | 8,437 | 2 | 19,449 |
| 3 | RIAL MARTINEZ | JORGE | ***7775** | 8,812 | 8,250 | 2 | 19,062 |
| 4 | DIAZ-AGERO NODAR | LUCIA | ***1964** | 7,750 | 8,712 | 2 | 18,462 |
| 5 | IGLESIAS MARTINEZ | CRISTINA | ***3538** | 7,875 | 8,312 | 1,64 | 17,827 |
| 6 | MILETI RODRIGUEZ | EUGENIA | ***5225** | 7,062 | 7,475 | 2 | 16,537 |
| 7 | SOUTO TABOADA | MARIA JULIA | ***8210** | 7,687 | 6,787 | 2 | 16,474 |
| 8 | GONZALEZ LAGO | LUCIA | ***6068** | 7,250 | 6,687 | 2 | 15,937 |
| 9 | BOUZON VILA | TAMARA | ***6279** | 6,625 | 6,975 | 2 | 15,600 |
| 10 | MALVIDO RODRIGUEZ | MARIA AZUCENA | ***3957** | 5,000 | 8,650 | 1,76 | 15,410 |
| 11 | ALONSO GONZALEZ | LAURA | ***8161** | 7,125 | 5,487 | 2 | 14,612 |
| 12 | RODRIGUEZ GONZALEZ | ANA | ***8934** | 5,125 | 8,550 | 0,91 | 14,585 |
| 13 | ARAUJO MONTENEGRO | NURIA | ***0545** | 6,837 | 5,650 | 2 | 14,487 |
| 14 | PENAS MORALES | LUCIA | ***6338** | 6,250 | 6,175 | 2 | 14,425 |
| 15 | MEDINA FERNANDEZ | CRISTINA | ***8664** | 6,562 | 5,662 | 2 | 14,224 |
| 16 | DECABO QUINTELA | EVA | ***9898** | 5,187 | 5,312 | 2 | 12,499 |
| 17 | GOMEZ RIVERA | MARIA TERESA | ***7936** | 5,000 | 5,725 | 2 | 12,125 |
| 18 | GUDE FERREIRO | CARMEN | ***3198** | 5,000 | 5,125 | 2 | 12,125 |
| 19 | RIAL CASAL | SILVIA | ***5733** | 5,312 | 5,000 | 1,81 | 12,122 |

IV.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2015, aprobou acordo relativo aos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo”, exp- te. 26797/220, en vigor dende a data de aprobación, nos que se establece, entre outros:

“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 23 e 200); Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 100 a 102) e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de



Concello de Vigo

destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.

*As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia cona finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de **3 anos**.*

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os reservistas os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas.

No suposto de concorrencia de unha lista principal con outra supletoria, primará na súa vixencia a que contemple un temario idéntico en número de temas ao temario tipo das Ofertas de Emprego Público (OEPs) sendo suplementaria da lista principal calquera outra lista que contemplase menor número de temas que os que conforman os temarios tipo das mencionadas ofertas”.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016, expte. 27642/220, modificou puntualmente os referidos criterios, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas en sesión celebrada o 23 de xaneiro de 2016, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

“VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”.

Segundo o criterio manifestado recentemente pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de admitidos/excluídos, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220 e 36004/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de organización e planificación de recursos humanos que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de Diplomado/a en Traballo Social, que inclúe aos/ás aspirantes en condicións de ser nomeados/as funcionarios/as interinos/as segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

| Nº | APELIDOS | NOME | DNI | 1º EXERCICIO | 2º EXERCICIO | GALEGO | TOTAL |
|----|--------------------|---------------|-----------|--------------|--------------|--------|--------|
| 1 | ELVIRA MUÑIZ | TERESA | ***6206** | 9,375 | 9,125 | 2 | 20,500 |
| 2 | MARTINEZ MAJOLERO | MARTA | ***5119** | 9,012 | 8,437 | 2 | 19,449 |
| 3 | RIAL MARTINEZ | JORGE | ***7775** | 8,812 | 8,250 | 2 | 19,062 |
| 4 | DIAZ-AGERO NODAR | LUCIA | ***1964** | 7,750 | 8,712 | 2 | 18,462 |
| 5 | IGLESIAS MARTINEZ | CRISTINA | ***3538** | 7,875 | 8,312 | 1,64 | 17,827 |
| 6 | MILETI RODRIGUEZ | EUGENIA | ***5225** | 7,062 | 7,475 | 2 | 16,537 |
| 7 | SOUTO TABOADA | MARIA JULIA | ***8210** | 7,687 | 6,787 | 2 | 16,474 |
| 8 | GONZALEZ LAGO | LUCIA | ***6068** | 7,250 | 6,687 | 2 | 15,937 |
| 9 | BOUZON VILA | TAMARA | ***6279** | 6,625 | 6,975 | 2 | 15,600 |
| 10 | MALVIDO RODRIGUEZ | MARIA AZUCENA | ***3957** | 5,000 | 8,650 | 1,76 | 15,410 |
| 11 | ALONSO GONZALEZ | LAURA | ***8161** | 7,125 | 5,487 | 2 | 14,612 |
| 12 | RODRIGUEZ GONZALEZ | ANA | ***8934** | 5,125 | 8,550 | 0,91 | 14,585 |
| 13 | ARAUJO MONTENEGRO | NIURIA | ***0545** | 6,837 | 5,650 | 2 | 14,487 |
| 14 | PENAS MORALES | LUCIA | ***6338** | 6,250 | 6,175 | 2 | 14,425 |
| 15 | MEDINA FERNANDEZ | CRISTINA | ***8664** | 6,562 | 5,662 | 2 | 14,224 |
| 16 | DECABO QUINTELA | EVA | ***9898** | 5,187 | 5,312 | 2 | 12,499 |
| 17 | GOMEZ RIVERA | MARIA TERESA | ***7936** | 5,000 | 5,725 | 2 | 12,125 |
| 18 | GUDE FERREIRO | CARMEN | ***3198** | 5,000 | 5,125 | 2 | 12,125 |
| 19 | RIAL CASAL | SILVIA | ***5733** | 5,312 | 5,000 | 1,81 | 12,122 |

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(93).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTE- NIMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DAS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN NOS EQUIPAMENTOS ADSCRITOS Á ÁREA DE CULTURA (BIBLIOTECAS PÚBLICAS, AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO E SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA). EXPTE. 3163/330.

Visto o informe xurídico do 3/02/21 e o informe de fiscalización do 4/02/21, dáse conta do informe-proposta do 26/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



Concello de Vigo

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 9 de xaneiro de 2020.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 9 de xaneiro de 2020, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de continuidade do expediente asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 11 de decembro de 2020.
- Memoria económica redactada, con data 11 de decembro de 2020, polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Documento económico de retención de crédito da Intervención Xeral de data 14 de decembro de 2020.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 14 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 25 de xaneiro de 2021, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Informe de data 25 de xaneiro de 2021, da técnica de Administración Xeral sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 25 de xaneiro de 2021, redactado polo servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación

de servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario das instalacións de climatización nos equipamentos adscritos á Área de Cultura, en concreto as Bibliotecas Públicas (Biblioteca Pública “Juan Compañel”, Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” e Casa Galega da Cultura), o Auditorio Municipal do Concello e o propio servizo da Área de Cultura.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Quinto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP), o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP, que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP), a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), a forma de aboamento do prezo (art 67.2ñ do RL-CAP) e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, simplificado e abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 14 de decembro de 2020.

Décimo: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de



Concello de Vigo

contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, simplificado e abreviado, dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario das instalacións de climatización nos equipamentos adscritos á Área de Cultura, en concreto as Bibliotecas Públicas (Biblioteca Pública “Juan Compañel”, Biblioteca Municipal “Xosé Neira Vilas” e Casa Galega da Cultura), o Auditorio Municipal do Concello e o propio servizo da Área de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 14 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 25 de xaneiro de 2021, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **27.837,94 €** (vinteseite mil oitocentos trinta e sete euros con noventa e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 4.831,38 € (catro mil oitocentos trinta e un euros con trinta e oito céntimos), con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e según o seguinte detalle:

En 2021.- (9 meses)

3321.227.99.00 “Prestación de servizos”: 6.666,78 €

3331.227.99.00 “Traballos e servizos”: 1.886,22 €

3340.227.99.00 “Xestión de entradas e outros traballos”: 1.886,22 €

En 2022.- (12 meses)

3321.227.99.00 “Prestación de servizos”: 8.889,05 €

3331.227.99.00 “Traballos e servizos”: 2.514,96 €

3340.227.99.00 “Xestión de entradas e outros traballos”: 2.514,96 €

En 2023.- (3 meses)

3321.227.99.00 “Prestación de servizos”: 2.222,27 €

3331.227.99.00 “Traballos e servizos”: 628,74 €

3340.227.99.00 “Xestión de entradas e outros traballos”: 628,74 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(94).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN PARA FUNCIONARIOS DE NOVO INGRESO E MANDOS POR PROMOCIÓN INTERNA DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6307/213.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 03/02/21, dáse conta do informe-proposta de data 02/02/21, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 10 de decembro de 2020 a concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o servizo de formación para os funcionarios de novo ingreso e funcionarios para mando por promoción interna do Servizo de Bombeiros. Esta resolución foi asinada pola Secretaria do Goberno Local o 10 de decembro de 2020.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e a concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal o 10 de decembro de 2020.
- Resolución de inicio do expediente de contratación do concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade de 10 de decembro de 2020, asinado pola Secretaria do Goberno Local o 10 de decembro de 2020.
- Memoria económica do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de 14 de decembro de 2020 e modificada con data de 20 de xaneiro de 2021.
- Documento económico de data 14 de decembro de 2020.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe do servizo de bombeiros co conforme da concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de 15 de decembro de 2020 e modificada con data de 20 de xaneiro de 2021..



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 15 de decembro de 2020, asinado polo xefe do servizo de bombeiros.
- Dilixencia da técnica de administración xeral de contratación de data de 18 de xaneiro de 2021.
- Dilixencia do Xefe do Servizo de Bombeiros conformada pola concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal xustificando a non inclusión no plan anual 2021 dende o servizo de bombeiros o servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso do Servizo de Bombeiros asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 21 de xaneiro de 2021.
- Dilixencia da técnica de administración xeral de asesoría xurídica de data de 29 de xaneiro de 2021.
- Dilixencia da técnica de administración xeral de contratación de data de 29 de xaneiro de 2021.
- Corrección de erro sobre Prego de Prescricións Técnicas de data 29 de xaneiro de 2021.
- Corrección do informe proposta de data 1 de febreiro de 2021.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. A concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal mediante resolución de 10 de decembro de 2020 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación. Resolución asinada pola Secretaria do Goberno Local o 10 de decembro de 2020.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado (art. 159.1 LCSP) por razón da contía, polo que ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), a insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP) o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 29 de xaneiro de 2021.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 29 de xaneiro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 118.813,76 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 “Cursos de formación impartidos por empresas”, do presuposto do exercicio de 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(95).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DO ALCALDE GREGORIO ESPINO, FASE IV". EXPTE. 4863/443.

Visto o informe de fiscalización do 08/02/21, dáse conta do informe-proposta de data 04/02/21, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 23.09.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de humanización da avenida Alcalde Gregorio Espino fase IV a favor da empresa Galaicontrol S.L..

II.- A devandita empresa presenta borrador do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. M.^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €).

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 27.11.2020, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 30.11.2020 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na rúa Alcalde Gregorio Espino, e consisten as obra a executar, as que se enumeran a seguir;

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento, en ambos marxes, a base de tubaxe de fundición dúctil Ø, segundo se determina nos planos, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén contempláse a renovación dos colectores de saneamento (fecais e pluviais) cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así coma as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias, a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así coma a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa. Durante a fase das escavacións no proxecto prevese o correspondente control arqueolóxico.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, éstas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con baldosa de granito gris Alba de 6 cmt., de espesor. Diferenciado o tipo de granito nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Nos accesos a garaxe plantexábase unha subbase de zahorra, posterior formigón en masa HM-20 de 15 dm de espesor con mallazo electrosoldado e acabado a base de tacos de granito de 14*14 y 10 cm., de espesor asentado sobre capara de morteiro executado in situ. Na

zona de rodadura efectuarase o correspondente fresado posterior capa de rego de adherencia e posterior mistura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm, separando a zona de rodadura de entradas de garaxes, das zonas peonís, propónse a colocación de bordo de granitos, sobre base de formigón.

- Prevese a renovación completa da instalación de iluminación, previa canalización soterrada e dispendo de novos farois bilateralmente con luminarias de baixo consumo. Renovarase a rede de semáforos e executarase unha nova rede de rego, para árbores e xardineiras.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZ) 10 meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 3.02.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano consolidado, sendo as obras propostas de reposición de servizos urbanísticos xa existentes.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei



Concello de Vigo

de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“HUMANIZACIÓN DA AVENIDA ALCALDE GREGORIO ESPINO FASE IV”**, redactado pola Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Dña. M.^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), de data Decembro de 2020 e con sinatura dixital de data 02/02/2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(96).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E MEMORIA EXPLICATIVA PARA A “DECLARACIÓN DE ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DE BEIRAMAR”. EXPTE. 3589/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/21 asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a proposta da OMRV, e tras recibir resolución desestimatoria para a declaración da solicitude de declaración dunha Área de rehabilitación Integral Descontínua, acórdase a tramitación correspondente para a declaración de área independente como ARIX de Beiramar, en cumprimento do Decreto 18/2014 do 13 de febreiro

publicado no DOG do 25/02/2014 e ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, emítese en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

▣ ANTECEDENTES

Xerais

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade nalgunhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar”, así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actualidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O Ámbito proposto contiña inicialmente 5 ámbitos ao que se engade posteriormente outro, que sumaban un total de seis Áreas diferenciadas, pero con características e problemáticas semellantes.

Logo da resolución desestimatoria, propónse a declaración de áreas de xeito individualizado como é o “Grupo de Vivendas en Beiramar”, construídas en 1975 que inclúe 70 vivendas agrupadas en 7 edificios cunha superficie de 2.808,60 m².

Polas novas dos xornais coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexeneren estas zonas degradadas da cidade de Vigo.

Relativos ó planeamento urbanístico

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

Na área está incluído o grupo construído nos anos 70 onde se sitúa unha das promocións de vivenda vinculada á industria do mar no Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

▣ SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral Xeral de Beiramar inclúe 70 vivendas agrupadas en 7 edificios cunha superficie construída de 3.990 m² sobre unha superficie de solo de 2.808,60 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas en 1975.



Concello de Vigo

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso é de titularidade privada, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, de carácter residual e xenerados na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios e forma unha proposta única de distribución de articulación dos bloques que a forman. Exteriormente as edificacións presentan un estado bastante uniforme.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

▣ **ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)**

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo do concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa

que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural. Neste caso, ao non pertenceren a ningún dos outros grupos específicos, o ámbito a declarar sería un ARI XERAL.

▣ **PLAN ESTATAL 2018-2021**

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse por prioridades e segundo se recollan nos Acordos da Comisión Bilateral. Estará regulada o financiamento ao abeiro do plan estatal en vigor ao longo do seu proceso rehabilitador.

▣ **PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX**

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de **ARIX** do grupo de vivendas de **Beiramar** de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobado a delimitación do ámbito proposto para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de Beiramar” en Vigo** tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de Beiramar**” en Vigo.

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de Beiramar**” en Vigo segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos incluídos na Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R 03.08.2018, R 31.05.2019 e R.19.06.2020, polas que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

O Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo en sesión de data 02/02/21 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(97).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E MEMORIA EXPLICATIVA PARA A “DECLARACIÓN DE ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DESCONTINUA DE ESPIÑEIRO-TEIS ”. EXPTE. 3590/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/21 asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a proposta da OMRV, e tras recibir resolución desestimatoria para a declaración da solicitude de declaración dunha Área de rehabilitación Integral Descontínua, acórdase a tramitación correspondente para a declaración de área independente como ARIX Descontínua de Espiñeiro-Teis, en cumprimento do Decreto 18/2014 do 13 de febreiro publicado no DOG do 25/02/2014 e ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, emítase en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

▯ ANTECEDENTES

Xerais

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade

nalgúnhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do "Instituto Nacional de Vivienda" e da "Obra Sindical del Hogar", así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actualidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O Ámbito proposto contiña inicialmente 5 ámbitos ao que se engade posteriormente outro, que sumaban un total de seis Áreas diferenciadas, pero con características e problemáticas semellantes.

Logo da resolución desestimatoria, propónse a declaración de áreas de xeito individualizado como é o "Grupo de Vivendas Espiñeiro-Teis" que comprende as vivendas de Espiñeiro e a rúa Enrique Lorenzo no barrio de Teis, construídas na década dos 50 que inclúe 386 vivendas agrupadas en 30 edificios cunha superficie de 20.447,42 m².

Polas novas dos xornais coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexeneren estas zonas degradadas da cidade de Vigo.

Relativos ó planeamento urbanístico

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

Na área están incluídos o grupo e edificios construídos nos anos 50-60 onde se sitúa unha das promocións de vivenda social de promoción pública no Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e con dous proxectos técnicos específicos conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

▣ SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral Xeral de Espiñeiro - Teis inclúe 386 vivendas agrupadas en 30 edificios cunha superficie construída de 22.845 m² sobre unha superficie de solo de 20.447,42 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas nos anos 50-60 en dúas áreas por eso a súa denominación de descontinua.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.



Concello de Vigo

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso en este tipo de promocións, é de titularidade privada ou non está transferida ao Concello de Vigo, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, de carácter residual e xenerados na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con asfalto, baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios da mesma tipoloxía ao formar dúas propostas. Os grupos se distribuen en feiras ou en bloques individuais ordenados nunha trama cuadrangular. Exteriormente as edificacións presentan un estado desigual polas diferentes técnicas construtivas e debido a un desigual mantemento.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

▮ ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural. Neste caso, ao non pertencer a ningún dos outros grupos específicos, o ámbito a declarar sería un ARI XERAL.

▣ PLAN ESTATAL 2018-2021

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o periodo 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse por prioridades e segundo se recollan nos Acordos da Comisión Bilateral. Estará regulada o financiamento ao abeiro do plan estatal en vigor ao longo do seu proceso rehabilitador.

▣ PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX DESCONTINUA

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de **ARIXD** do grupo de vivendas **de Espiñeiro-Teis** de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito proposto para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de Espiñeiro-Teis” en Vigo** tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de Espiñeiro-Teis” en Vigo**.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a “**Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de Espiñeiro-Teis**” en Vigo segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos incluídos na Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R 03.08.2018, R 31.05.2019 e R.19.06.2020, polas que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

O Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo en sesión de data 02/02/21 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(98).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E MEMORIA EXPLICATIVA PARA A “DECLARACIÓN DE ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DE SAN PABLO EN TEIS”. EXPTE. 3591/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/21 asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a proposta da OMRV, e tras recibir resolución desestimatoria para a declaración da solicitude de declaración dunha Área de rehabilitación Integral Descontínua, acórdase a tramitación correspondente para a declaración de área independente como ARIX de San Pablo, en cumprimento do Decreto 18/2014 do 13 de febreiro publicado no DOG do 25/02/2014 e ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, emítense en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

▣ ANTECEDENTES

Xerais

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade nalgunhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar”, así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actua-

lidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O Ámbito proposto contiña inicialmente 5 ámbitos ao que se engade posteriormente outro, que sumaban un total de seis Áreas diferenciadas, pero con características e problemáticas semellantes.

Logo da resolución desestimatoria, proponse a declaración de áreas de xeito individualizado como é o “Grupo de Vivendas de San Pablo” que comprende as vivendas do Grupo sindical San Pablo que foron realizadas pola “Obra sindical del hogar” no barrio de Teis, construídas en 1963 que inclúe 80 vivendas agrupadas en 10 edificios cunha superficie de 4.142,52 m².

Polas novas dos xornais e as distintas solicitudes de información e colaboración realizada polos veciños, coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexeneren estas zonas degradadas da cidade de Vigo.

Relativos ó planeamento urbanístico

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenorizen as obras e o cumprimento da normativa.

Na área está incluído o grupo construído en 1963 onde se sitúa unha das promocións de vivenda social de promoción pública no Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser un grupo de vivendas concebido como conxunto e cun proxecto técnico específico conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características homoxéneas.

▣ SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral Xeral de San Pablo inclúe 80 vivendas agrupadas en 10 edificios cunha superficie construída de 5.440 m² sobre unha superficie de solo de 4.142,52 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas en 1963.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 45 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.



Concello de Vigo

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso, en este tipo de promocións, é de titularidade privada ou non está transferida ao Concello de Vigo, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, de carácter residual e xenerados na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con asfalto, baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios ao ser todos eles da mesma tipoloxía. No grupo se distribuen os edificios en feiras ordenados nun bloque, dous ou tres, nunha trama cuadrangular. Exteriormente as edificacións presentan un estado bastante uniforme pola súa común técnica construtiva aínda que cun lixeiro desigual mantemento.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

▣ **ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)**

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espacios libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural. Neste caso, ao non pertencer a ningún dos outros grupos específicos, o ámbito a declarar sería un ARI XERAL.

▣ **PLAN ESTATAL 2018-2021**

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recuperar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse por prioridades e segundo se recollan nos Acordos da Comisión Bilateral. Estará regulada o financiamento ao abeiro do plan estatal en vigor ao longo do seu proceso rehabilitador.

▣ PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de **ARIX** do grupo de vivendas de **San Pablo en Teis** de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito proposto para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de San Pablo” en Vigo** tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de San Pablo” en Vigo**.

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral de San Pablo” en Vigo** segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos incluídos na Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.



Concello de Vigo

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R 03.08.2018, R 31.05.2019 e R.19.06.2020, polas que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

O Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo en sesión de data 02/02/21 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(99).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO E MEMORIA EXPLICATIVA PARA A “DECLARACIÓN DE ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL XERAL DESCONTINUA DE SAN ROQUE”. EXPTE. 3592/431.

Dáse conta do informe-proposta de data 27/01/21 asinado pola directora da Oficina de Rehabilitación e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Por solicitude da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) e a proposta da OMRV, e tras recibir resolución desestimatoria para a declaración da solicitude de declaración dunha Área de rehabilitación Integral Descontínua, acórdase a tramitación correspondente para a declaración de área independente como ARIX Descontínua de San Roque, en cumprimento do Decreto 18/2014 do 13 de febreiro publicado no DOG do 25/02/2014 e ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, emítase en relación co asunto de referencia, o seguinte informe-proposta:

▯ ANTECEDENTES

Xerais

A vivenda obreira está vencellada fortemente coa propia historia da cidade de Vigo, é un legado das diferentes etapas fundamentais do seu crecemento. O desenvolvemento e a creatividade nalgunhas intervencións urbanísticas e arquitectónicas é de grande interese, resultando necesaria a súa conservación, ao mesmo tempo que se conxuga coa adaptación á vida moderna.

Estas vivendas, na maior parte dos casos, realizadas por iniciativas do “Instituto Nacional de Vivienda” e da “Obra Sindical del Hogar”, así como as construídas polas industrias para poder albergar aos seus traballadores a carón das empresas, fábricas ou estaleiros; presentan na actualidade unha serie de importantes carencias funcionais: no seu mantemento, nas instalacións e nas condicións de accesibilidade e de eficiencia enerxética.

A rehabilitación de todos estes grupos de vivendas e dos seus espazos libres permitirá a rexeneración do entramado urbano, dotando da dignidade necesaria ás edificacións da masa social que co seu traballo axudou ao crecemento da nosa cidade.

O Ámbito proposto contiña inicialmente 5 ámbitos ao que se engade posteriormente outro, que sumaban un total de seis Áreas diferenciadas, pero con características e problemáticas semellantes.

Logo da resolución desestimatoria, proponse a declaración de áreas de xeito individualizado como é "San Roque" que comprende as vivendas sociais da rúa Emilia Pardo Bazán e o Grupo de San Roque, construídas na década dos 40 que inclúe 271 vivendas agrupadas en 53 edificios cunha superficie de 27.058,57 m².

Polas novas dos xornais coñecemos a participación veciñal e a súa mobilización para que se rexeneren estas zonas degradadas da cidade de Vigo.

Relativos ó planeamento urbanístico

Dentro dos requisitos da convocatoria pública de selección das obras de edificación será necesaria a obtención do correspondente título habilitante que avalará o cumprimento da normativa urbanística.

As obras que se seleccionarán nos edificios serán de restauración, conservación, rehabilitación, obras exteriores, compatibles co PXOM vixente.

As urbanizacións contarán cos proxectos de urbanización necesarios segundo a lei de Ordenación da Edificación e lei de Contratos do Sector Público, no que se pormenoricen as obras e o cumprimento da normativa.

Na área están incluídos dous grupos de edificios construídos nos anos 40 onde se sitúa unha das promocións de vivenda social realizados pola Caja de Ahorro de Vigo no Concello de Vigo, pero no PXOM non se establecen polo de agora medidas de protección especiais, agás as propias do mantemento da tipoloxía edificatoria ao ser dous grupos de vivendas concebidos como conxunto e con dous proxectos técnicos específicos conforme ao cal se edificaron resultando unha zona urbana con características bastante homoxéneas.

▣ SITUACIÓN ACTUAL

A Área de rehabilitación integral Xeral de San Roque inclúe 271 vivendas agrupadas en 53 edificios cunha superficie construída de 19.552 m² sobre unha superficie de solo de 27.058,57 m². Segundo os datos de catastro os bloques están edificadas nos anos 40 aínda que nalgún caso fíxose unha substitución ou reforma integral do edificio.

Os datos da totalidade das vivendas do grupo, as súas referencias catastrais, enderezos con rúas e números postais, reparto das vivendas por bloques, as superficies e o seu estado de conservación da edificación, é diferente para cada un, e recóllese na memoria que se xunta no expediente.

Aínda que o grupo, conta cunha actuación urbanística integradora, ésta é froito das políticas de vivenda dos anos 40 a 80, as formulacións orixinais da urbanización os seus acabados están obsoletos na actualidade e completamente degradados. Os espazos públicos non contan coas medidas axeitadas para a súa adaptación á mobilidade reducida ou á supresión de barreiras arquitectónicas. Nas edificacións producíronse distintas actuacións de mellora nos portais, escaleiras e nos accesos pero non queda resolta a supresión de barreiras arquitectónicas nas edificacións.

O espazo libre é de titularidade pública pero nalgún caso en este tipo de promocións, é de titularidade privada ou non está transferida ao Concello de Vigo, e está conformado polos espazos libres que quedan entre os bloques, de carácter residual e xenerados na súa contorna ou bordo ate as parcelas ou os bloques de edificios máis próximos.



Concello de Vigo

No ámbito proposto, o uso fundamental é o residencial, presenta espazos libres xa pavimentados con asfalto, baldosa de formigón, vexetación e terra compactada.

O modelo de vivenda é semellante entre os edificios da mesma tipoloxía ao formar dúas propostas, a da parte norte e a da parte sur do ámbito. Os grupos se distribuen en feiras ou en bloques individuais ordenados nunha trama cuadrangular. Exteriormente as edificacións presentan un estado desigual polas diferentes técnicas construtivas e debido a un desigual mantemento.

O estado da edificación, o seu deterioro xeneralizado e en especial a necesidade de supresión de barreiras arquitectónicas, provoca a necesidade de intervención en todo o ámbito proposto.

A poboación é de idade media elevada e o nivel de renda ou os seus recursos son escasos, o que fai aínda máis urxente a resolución dos problemas de accesibilidade tanto nos espazos públicos coma nos edificios.

▣ **ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI)**

Considéranse ARI aquelas áreas que por abranger zonas ou barrios en procesos de degradación sexan así declaradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, previo acordo co concello afectado (arts. 32.1 do RD 2190/1995, do 28 de decembro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1996-1999, 30.1 do RD 1186/1998, do 12 de xuño, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 1999-2001 e 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, Plan Cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, art. 58 do RD 801/2005 de 1 de julio, Plan Estatal 2005-2008, e no art. 46 do RD 2066/2008 de 12 de decembro, Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012).

De acordo co artigo 1.3 do RD 2329/1983, do 28 de xullo, que derogou a normativa anterior (RD 375/1982, do 12 de febreiro e RD 2555/1982, do 24 de setembro), as ARIs teñen por obxecto a mellora ou recuperación de conxuntos urbanos ou áreas rurais, das súas condicións naturais, das actividades económicas e sociais e das condicións de vida dos seus residentes a través das necesarias actuacións sobre edificios, espazos libres, infraestruturas, servicios e equipamentos necesarios, sendo posible desenvolver tamén actuacións de rehabilitación de vivendas dirixidas a súa adecuación constructiva ou funcional.

Coa declaración formal de ARI o que se pretende é coordinar as actuacións das Administracións públicas e o fomento da iniciativa privada, dirixidas a rehabilitar de forma integrada os conxuntos urbanos de interese arquitectónico, histórico-artístico, cultural, ambiental ou social, e implica a delimitación do espazo urbano comprendido na mesma e a declaración de urxencia para os efectos do disposto na LEF (art. 41.1 e 41.2 do RD 2329/1983).

O Decreto 18/2014 do 13 de febreiro, no seu artigo 9 establece as clases das áreas de rehabilitación integral, que no noso caso, corresponderíase coa Área de Rehabilitación Integral Xeral xa que non pertencería a ningunha das categorías consideradas como de Conxunto histórico nin rural. Neste caso, ao non pertencer a ningún dos outros grupos específicos, o ámbito a declarar sería un ARI XERAL.

▣ **PLAN ESTATAL 2018-2021**

O Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, aprobado por RD 106/2018, en vigor, contén a normativa xeral do Estado sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbana e rural para o período 2018-2021.

O RD 106/2018 inclúe entre as súas actuacións protexibles o Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural que ten por obxecto a financiación da realización conxunta de obras de rehabilitación de edificios e vivendas, de urbanización ou reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificios en substitución de edificios demolidos, dentro dos ámbitos de actuación previamente delimitados. A súa finalidade é mellorar os tecidos residenciais e recu-

perar funcionalmente conxuntos históricos, centros urbanos, barrios degradados e núcleos rurais.

Os beneficiarios serán quen es asuman a responsabilidade da execución integral da Área delimitada pola actuación, as comunidades de propietarios, agrupacións de comunidades de propietarios, os propietarios de vivendas, e no seu caso os propietarios de locais comerciais.

As condicións dos ámbitos e actuacións son:

Estar delimitado territorialmente por acordo da Administración competente, continuo ou discontinuo.

Alo menos un 70% da edificabilidade sobre rasante, excluíndose as plantas baixas ou plantas inferiores destinadas a outros usos compatibles, existentes dentro da Área de rexeneración e renovación urbana ou rural ou da resultante segundo o planeamento vixente, deberá ter coma destino o uso residencial de vivenda.

Para acceder a esta financiación deberán subscribirse os acordos correspondentes nas comisións bilaterais de seguimento, coa participación do concello correspondente de conformidade coa que establece o artigo 5.2 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral de Subvencións.

A actuación financiada no seu conxunto deberá executarse por prioridades e segundo se recollan nos Acordos da Comisión Bilateral. Estará regulada o financiamento ao abeiro do plan estatal en vigor ao longo do seu proceso rehabilitador.

▣ **PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE ARIX DESCONTINUA**

Polo que antecede, considérase especialmente oportuno promover neste momento a declaración de **ARIXD** do grupo de vivendas **de San Roque** de tal xeito que esté de acordo coas características do Plan Estatal para este tipo de barrios degradados.

En consecuencia, propónse ao Consello de Xerencia e, por proposta do Consello da Xerencia da XMU, se é o caso, á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte proposta de acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a delimitación do ámbito proposto para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de San Roque” en Vigo** tendo en conta as determinacións do planeamento vixente e parámetros polos cales está afectada a área proposta.

SEGUNDO.- Aprobar a memoria explicativa que se xunta para solicitar a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de San Roque” en Vigo**.

TERCEIRO.- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a **“Declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua de San Roque” en Vigo** segundo a delimitación que da devandita área se establece nos planos incluídos na Memoria-Programa de acordo coa clasificación prevista no artigo 9 do Decreto 18/2014.

CUARTO.- Comprometerse a manter a Oficina Municipal de Rehabilitación, con medios suficientes, para a xestión e o impulso de actuacións de rehabilitación no ámbito.

QUINTO.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para esta área de acordo cos Programas incluídos no RD 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, na R 03.08.2018, R 31.05.2019 e R.19.06.2020, polas que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia que o desenvolve.



Concello de Vigo

SEXTO.- Autorizar ao Sr. Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración de Área de Rehabilitación Integral Xeral Descontinua, a formalización dos convenios marcos ou específicos e a súa sinatura, para levar a cabo a actuación prevista.

O Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo en sesión de data 02/02/21 acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº 23”. EXPTE. 4725/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(100).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº 23”. EXPTE. 4725/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 08/02/21, dáse conta do informe-proposta do 04/02/21, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Por parte da Concellería de Política Social remítese, en data 22/06/2020, para a súa tramitación proxecto redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, de "REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA CENTRO DE FORMACIÓN NA RÚA ALTA, Nº 23", cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 01/07/2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, da mesma data, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 26/06/2019 e 18/06/2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola nunha edificación de titularidade municipal que figura no Inventario Municipal co número 3607, sita en Rúa Alta, 23, sendo as obras a realizar as necesarias para a rehabilitación do propio edificio efectuando, ademais, os engadidos correspondentes para que o resultado sexa unha edificación composta de baixo, dúas plantas con aproveitamento, baixo cuberta para uso de Centro de Formación, e sendo a superficie total construída de 409,16 m². Consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir:

- Previo desmontase de cantería existente, desescombro ou limpeza da parcela, precederáse a executar as correspondentes zapatas vigas riostras de formigón armado, saneamento horizontal e posterior soleira de formigón con recheo e nivelación de pezas especiais de illamento, tanto de humidade como a correspondente protección das emisións de gas radón.
- Posteriormente, executarase a estrutura autoportante composta de formigón armado, perfilaría metálica, coa correspondente aplicación de morteiro ignifuso, cerramento exterior a base de cantería asentada con morteiro, tabicón de ladrillo en formación de baixo cuberta, e cuberta de chapa de cinz sobre taboleiro tipo sandwich, cos seus correspondentes canalóns, baixante e pezas especiais.
- Tabiquería interior a base de bloques e sistemas de paneis de xeso laminado, segundo determina o proxecto, cos seus correspondentes illamentos térmicos e acústicos, posterior nivelación e preparación de solos nas plantas altas a base de morteiros.
- Prevese a colocación de falsos teitos de madeira, así coma a carpintería exterior e interior, cos correspondentes ferraxes de colgue e seguridade, e de protección



Concello de Vigo

necesarios.

- Execución das correspondentes instalacións de sistema de elevación, fontanería, ventilación, climatización, electricidade, iluminación, telecomunicacións, protección contra lumes, seguridade e correspondente instalación de sanitarios e grifería.
- Posterior acabados de pavimentos, pinturas e barnices, segundo determina o proxecto, tanto en paramentos horizontais como verticais. Control de funcionamento das instalacións, e dotación de mobiliaria e sinalética.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 meses.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Consellería de Cultura e Turismo, de data 30/11/2020, autorizando o inicio das obras proxectadas baixo control arqueolóxico, por atoparse dita actuación dentro do ámbito de protección do xacemento romano medieval do Casco Vello de Vigo (GA36057084), co seguinte condicionado:

“Dar por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas valorativas na rúa Alta, 23, Vigo, e permitir o inicio das obras previstas, baixo control arqueolóxico.

Durante o control arqueolóxico, se deberá definir, cando menos en planta, a estrutura que se localizou na escavación da sondaxe nº3; non habendo impedimento en que dita estrutura sexa desmontada para poder instalar o foxo do ascensor. O resto da estrutura poderá conservarse protexida cunha cuberta de xeotéxtil e unha capa de áridos final.

O control poderá executarse baixo o amparo da autorización de sondaxes vixente, sempre que se execute baixo a mesma dirección arqueolóxica. Os seus resultados deberán incorporarse á memoria técnica final da intervención.

Conforme ó establecido no art. 97.4 da Lei 5/2016, de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia, a actividade arqueolóxica non se dará por concluída ata a entrega e aceptación da memoria técnica.”

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 02/02/2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“INFORME:

A actuación proposta efectúase nun edificio sito en solo urbano consolidado, atopase dentro do ámbito do P.E.P.R.I. do Casco Vello, dispón de ficha urbanística, estando o edificio catalogado con grado ambiental, sendo as obras propostas a rehabilitación do mesmo adecuado as determinación que fixa a ficha urbanística.

Tendo en consideración que a lei 5/2016 de Patrimonio da Xunta de Galicia, segundo o art. 58 determina que o propio Concello é competente para autorizar as actuación neste tipo de inmovible. A su vez o atoparse dentro dun ámbito de protección arqueolóxica dispón de resolución favorable da Consellería de Cultura de data. 30/11/2020, na mesma dáse por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicos valorativos e se autoriza o inicio das

obras, baixo control arqueolóxico.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).



Concello de Vigo

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICACIÓN CENTRO DE FORMACIÓN, RÚA ALTA Nº23, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS NOVENTA E TRES MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS (693.360,00 €) e sinatura dixital de datas 28 e 29/01/2021.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(101).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez